



O FARELO

Nº6

Xuño de 2017

Prezo: 2 euros


XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Un paseo
literario por
Celanova



Páxina X

O Arde Lvcvs,
Festa de
Interese
Turístico
Nacional



Páxina XIII

Ruta dos
Fornos,
anticipo á
Festa do Pan
de Cea



Páxina XV

Visitas
teatralizadas
ao castelo de
Soutomaior



Páxina XIX



Especial Corpus Christi de Ponteareas

Páxina II a VII

Colexio plurilingüe "La Inmaculada"

PREMIO 2017 Á
EXCELENCIA EDUCATIVA

Dende 1905 traballando
pola educación en Ponteareas

Amado Garra , 2. Teléfono 986-640065. www.colexioinmaculada.com

Corpus Christi Ponteareas

Redacción

O historiador Xoán Martínez Tamuxe, pregoeiro do Corpus de Ponteareas

Natural do Rosal, exerceu como profesor en distintos colexios de Ponteareas

O goberno local de Ponteareas ven de nomear a Xoán Martínez Tamuxe, historiador, arqueólogo e investigador como pregoeiro do Corpus Christi 2017.

Natural do Rosal, viviu vinculado a Ponteareas a través da súa traxectoria profesional desempeñando a súa labor como profesor en distintos colexios e academias da vila.

Premio Literario I Certame Xornalístico da Cidade de Tui (1973), Tamuxe foi co-

respondente e colaborador dos xornais El Pueblo Gallego, La Hoja del Lunes, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, A Peneira, etc., así como correspondente de Radio Popular de Vigo en Baiona.

Colaborador, así mesmo, das revistas do Museo de Pontevedra, Museo e Arquivo Histórico Diocesano de Tui, Pontevedra Arqueolóxica, Pregón e Soberosum de Ponteareas, etc. Dende 1987 é o director do Boletín Informativo Municipal do Rosal, así como da colección Memoria da Festa do Cabaqueiro.

En 1996 a Agrupación Cultural Guardesa dedicoulle o Día das Letras Galegas en homenaxe a súa traxectoria histórico-literaria no Baixo Miño.

Exerceu como profesor en colexios e

academias de Ponteareas, A Guarda e Baiona. Cofundador do Equipo Arqueolóxico do Baixo Miño (1968), do Museo e Arquivo Histórico Diocesano de Tui (1974), da Biblioteca, Museo Etnográfico e Boletín Histórico Cultural do Concello do Rosal, así como do Instituto de Estudios de A Paradanta y Condado do Tea (2003).

É membro do Instituto Padre Sarmiento (Sección de Arqueoloxía) de Santiago de Compostela (1979), da Asociación Colegial de Escritores de España (1982), Grupo de Arqueoloxía Alfredo García Alén de Pontevedra (1983), membro colaborador do Departamento de Prehistoria da Universidade de Santiago (1984).

Dende o ano 2007 é o presidente do Instituto de Estudios Tudenses.



O CORPUS CHRISTI PASO A PASO



Recollida



Trazado

Selección



Perfilado



Selección



Acabado

Trazado



Acabado

Corpus Christi Festa de Interese Turístico Internacional

Festa do Corpus 2017

18 de Xuño

Ponteareas



Corpus Christi Ponteareas

Redacción

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

SÁBADO, 10

21:00 h. | Auditorio Municipal. | Lectura do Pregón do Corpus a cargo do historiador, arqueólogo e investigador Xoán Martínez Tamuxe. | Concerto ofrecido pola Orquestra de Cámara Galega, dirixida por Rogelio Groba Otero.



MARTES, 13 a VENRES, 16

19:00 h. | Animación de rúa polo centro urbano para amenizar o traballo de desfolgado das flores. | Música tradicional a cargo dos grupos Sadeo, Os Muíños de Oliveira, Grupo Folclórico da Casa Cultural de Areas, e Naiama.

MÉRCORES, 14

21:00 h. | Salón de Plenos. | Presentación da revista *Pregón* coa presenza dos colaboradores do número deste ano.

VENRES, 16

17:00 h. | Praza Maior e Praza Bugallal. | *Brincamos*, xornada dedicada aos xogos tradicionais e populares.

SÁBADO, 17

16:00 h. | Rúas do centro urbano. | Inicio da confección de alfombras.
22:30 h. | Mercado Municipal. | Inauguración da mostra fotográfica *Corpus no Tempo* e da exposición de Meninas.
23:30 h. | Diante do Mercado Municipal | Música e danzas do mundo (Galicia, Portugal e Italia) a cargo de Mercedes Prieto e Sergio Cobos.



DOMINGO, 18

09:45 h. | Tirada de foguetes de palenque.
10:45 h. | Diante da Casa do Concello. | Recepción de autoridades. | Concerto da Banda de Música Xuvenil de Xinzo.
12:30 h. | Tirada de foguetes de palenque.
12:30 h. | Rúas do centro urbano. | Solemne procesión coa participación da Banda de Música Xuvenil de Xinzo.
18:00 h. | Rúas do centro urbano. | Desfile de carrozas históricas e etnográficas. | Actuación de grupos de música tradicional.
21:30 h. | Praza Bugallal. | Actuación da Orquestra América.
22:30 h. | Praza Maior. | Concerto de Roi Casal.
00:30 h. | Praza de Bugallal | Fin de festa a cargo do grupo América.



LUNS, 19

11:30 h. | Praza Maior. | Animación infantil a cargo do grupo Animar-T.
17:00 h. | Rúas do centro urbano. | Festa infantil con inchables.



- APARCADOIRO GRATUITO
- APARCADOIRO PRIVADO
- APARCADOIRO MINUSVÁLIDOS
- ZONA AUTOBUSES (carga e descarga pasaxeiros)
- ZONA AUTOBUSES (APARCADOIRO)
- ALFOMBRA
- BARES, CAFETERÍAS E RESTAURANTES
- FARMACIA DE GARDA (Farmacia Candeira)
- EXPOSICIÓNS

- TRAMOS ALFOMBRADOS**
- 1 Alfombra de La Orotava
 - 2 Praza de Bugallal
 - 3 Rúa de Oriente
 - 4 Localidade convidada (Gerano - ITALIA)
 - 5 Praza Maior (1º Tramo)
 - 6 Praza Maior
 - 7 Cruceiro de San Gregorio
 - 8 Rúa dos Ferreiros
 - 9 A Escola de Arte de Ponteareas
 - 10 A.N.P.A. A Pena do Equilibrio
 - 11 Rúa dos Ferreiros - San Roque
 - 12 Fonte do Baratillo
 - 13 Moncao (PORTUGAL)
 - 14 Rúa D. Fdez. de la Vega (2º Tramo)
 - 15 Arco da Vella
 - 16 Cantón de Boavista
 - 17 A Castiñeira
 - 18 Santa Bárbara de Prado
 - 19 A.A.V.V. A Pena do Equilibrio de Arcos
 - 20 Corpus "As Monxas"
 - 21 Rúa Reveriano Soutullo
 - 22 Avda. da Constitución (Asoc. Elduayen - La Giraldia)



CORPUS 2017

PONTEAREAS | Concello de PONTEAREAS

Corpus Christi Ponteareas

Redacción

20:0 h. | Monumento ao alfombrista. | Ofrenda floral *in memoriam*. | Acompaña a Banda de Gaitas Tremiñado.

20:30 h. | Auditorio Municipal. | Acto de entrega das Medallas do Corpus Christi.

21:00 h. | Rúas do centro urbano. | Animación de rúa a cargo do grupo Ronco&Fol.

22:00 h. | Praza Maior. | Actuación da Orquestra Olympus.

23:30 h. | Tirada de fogos de lucería.

00:00 h. | Fin de festa coa Orquestra Olympus.



ACTIVIDADES RELIXIOSAS

SÁBADO, 17

20:00 | Santa Misa de Vésperas do Corpus Christi.

DOMINGO 18

08:30 | Santa Misa.
10:00 | Santa Misa.
11:30 | Santa Misa Solemne coa intervención da Coral do Centro Artístico Sportivo.
12:30 | Procesión do Corpus Christi.
20:00 | Santa Misa.

LUNS 19

18:00 | Santa Misa por todos os alfombristas finados.

LUNS 19 a DOMINGO 25

19:00 e 20:00 | Octava do Corpus Christi. | Exposición solemne e adoración do Santísimo (Santa Misa da Octava).



EXPOSICIÓNS

Crea a túa alfombra. | Praza Maior. | Obradoiro impartido pola Escola de Arte de Ponteareas. | Sábado, 10. | De 17:00 a 22:00 h.

O boneco do reloxo. | Reloxos antigos de José Higinio Suárez Garra e esculturas feitas con materiais de reciclaxe de Héctor Rodríguez. | Do 17 ao 19 de xuño. | Rúa Esperanza (Local Irmáns Suárez Garra).



Cadros ao óleo. | Auditorio Municipal. | Exposición de cadros da academia de pintura Iris. | Do 17 ao 19 de xuño.

Corpus no Tempo. | Fotografías antigas do Corpus e exposición de Meninas. | Do 17 ao 19 de xuño. | Mercado Municipal.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS

TORNEO ALEVÍN FÚTBOL-8 SD JUVENIL. | 3 de xuño. | De 08:00 a 21:00 h. | Complexo Deportivo de Pardellas. | Organiza: SD Juvenil.

I CAMPIONATO DE PÁDEL CONCELLO DE PONTEAREAS. | Do 9 ao 17 de xuño. | Pistas de pádel do Complexo Álvaro Píno.

VIII OPEN DE TENIS VILA DO CORPUS. | Do 23 de xuño ao 2 xullo. | Pistas de tenis da Freixa. | Organiza: Club de Tenis Ponteareas.

III TORNEO XADREZ E NATUREZA. | 25 de xuño. | Fraga do Rei (Cristiñade). | Organiza: Escola Municipal de Xadrez de Ponteareas.

CAMPUS DE VERÁN SD JUVENIL. | Do 26 ao 30 de xuño. | De 08:00 a 15:00 h. | Complexo Deportivo de Pardellas. | Organiza: SD Juvenil.

O Corpus contará cunha representación de alfombristas da localidade italiana de Gerano

As alfombras florais desta localidade da provincia de Roma, na rexión de Lazio, están consideradas as máis antigas de Italia e neste ano cumprirán o seu 288 aniversario

A Festa do Corpus Christi de Ponteareas contará, este ano, coa presenza dunha delegación da localidade italiana de Gerano, municipio situado a poucos quilómetros de Roma e que fai gala, con orgullo, de confeccionar as alfombras máis antigas de Italia.

Así o confirmaba o alcalde de Gerano, Danilo Felici, ao seu homólogo ponteareán, Xosé Represas, nun escrito no que da conta que, no nome de toda a cidadanía de Gerano, “teño o pracer de comunicarlle que aceptamos a vosa invitación e que unha delegación de cinco alfombristas terán a

honra de participar na Festa do Corpus 2017 de Ponteareas coa realización dun tapiz floral” e agradece “esta mostra de achegamento entre os nosos pobos”.

Ponteareas conta, todos os anos, cunha representación estranxeira de cidades, de distintos países do mundo, que comparten coa vila do Tea a súa tradición na arte floral nunha iniciativa que, segundo a concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, “non fai máis que reafirmar a importancia que o Corpus de Ponteareas ten no concerto internacional de cidades alfombristas”.

La Festa della Madonna del Cuore

Gerano é unha pequena localidade da Área Metropolitana de Roma, (provincia á que pertence e enclavada na rexión de Lazio) situada a 50 quilómetros da capital italiana. A cidade confecciona todos os anos, dende hai preto de tres séculos este ano celebrarán o 288 aniversario tapices florais na Festa della Madonna del Cuore seguindo a tradición dos mestres alfombristas geraneses. Os veciños e veciñas de Gerano aseguran, con orgullo, que amais da “fonda historia e relixiosidade” as alfombras son “xoias creativas” que falan de “arte e traballo común de todo un pobo”.

As alfombras de Gerano non coñeceron, dende os seus inicios, interrupción algunha. Tanto é así que nin nas guerras nin calquera outro episodio

dramático que se viviu ao longo dos séculos, foron quen de interromper esta tradición.

Ao igual que fixo Ponteareas no seu momento, nos últimos anos Gerano comezou a confeccionar as súas alfombras noutras localidades de cara a dar a coñe-

cer o potencial artístico dos seus alfombristas.

A concelleira Hortensia Bautista, cualificaba de “auténtica honra” poder contar no Corpus de Ponteareas, “que é todo un referente internacional na arte efímera” cunha delegación como a de Gerano “que confeccionan as que son as alfombras florais máis antigas de Italia e que, ao igual de Ponteareas, comparten a capacidade dun pobo de traballar, xuntos e sen fisuras, a prol dun obxectivo común”.



Corpus Christi Ponteareas

A Casa de Galicia en Madrid acolleu a presentación da festa do Corpus Christi

O concello de Ponteareas presentou a festa do Corpus Christi na Casa de Galicia en Madrid da man do Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Cultura, Hortensia Bautista.

Na presentación, o Delegado da Xunta de Galicia e director da Casa de Galicia en Madrid, Xosé Ramón Ónega, resaltou a beleza do arte das alfombras “esta belísima labor floral non é improvisada. É unha inspiración donde a beleza e o sentimento triunfan. Xa o dixo Baudelaire que a inspiración é traballar tódolos días”.

Ónega quixo destacar o arte que se agocha detrás de cada tramo alfombrado “estas creacións florais son arte, e o arte é, sobre todo un estado do alma, como expresou Marc Chagall. “Si o arte é unha rebelión contra o destino, que dixo Malraux, esta demostración de arte, inxenio e traballo, son o espírito dun pobo que sabe crear beleza. En Ponteareas únense para crear estas marabillas”.

Pola súa parte, a concelleira de Cultura explicou aos asistentes o traballo que durante todo o ano realizan os alfombristas, dende a elaboración do deseño á recollida de verde e flores, as técnicas de con-



servación e almacenaxe que se empregan é o esforzo que supón cada tramo alfombrado.

Como novidade, a concelleira presentou a páxina web oficial do Corpus Christi, www.corpuschristi.com donde se recollerá a historia da festa, os carteis, os medallistas, todos os tramos de alfombras, noticias...

Pechou a rolda de intervencións, o Alcalde, que introduxo a visita dos alfombristas da vila de Gerano en Roma, Italia, a colaboración con Monçao e A Orotova e a participación en distintos proxectos internacionais.

“Non hai imaxe nin vídeo que poida describir o significado das alfombras para Ponteareas e para os visitantes. O Corpus é un sentir co que nacen os pontearéans e que saben transmitir aos visitantes que marchan co arrecendo das flores e a beleza dos deseños grabadas no recordo”, engadiu o Alcalde.

No acto tamén entrevistou o pregoiro da anterior edición, o xornalista Roi Groba.

Para rematar, todos os asistentes puideron degustar os viños Vila do Corpus acompañados de rosquillas de Ponteareas.

O concello de Ponteareas e a Subdelegación de Goberno reúnen para deseñar o dispositivo de seguridade das festas do Corpus

O Alcalde de Ponteareas e a Concelleira de Seguridade Cidadá recibiron no concello á Subdelegada do Goberno en Pontevedra, Ana Ortiz, para manter unha reunión con motivo do dispositivo de seguridade que se habilitará durante a celebración das festas do Corpus Christi de Ponteareas. Neste encontro participaron, ademais, José Félix López, secretario xeral da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, responsables da Garda Civil, a Policía Autonómica, Policía Local, Protección Civil e Bombeiros de Ponteareas.

Ao igual que o ano pasado AXEGA coordinará dende o posto de mando avanzado (PMA) as actuacións en mate-



ria de seguridade ante a previsión dunha masiva afluencia de público. No operativo participan ademais Cruz Roja, voluntarios e equipos médicos.

Para a concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, “é imprescindible a óptima coordinación de tódalas forzas de seguridade locais coas comarcais, provinciais e autonómicas xa que as festas do Corpus Christi implica a afluencia de milleiros de persoas e está nas nosas mans que todos e todas os asistentes poidan gozar dunha noite de lecer e tradición sen sobresaltos”.

Fernández propuxo durante o encontro a prohibición da circulación e estacionamento de vehículos de masa máxima autorizada superior a 3,5 toneladas no casco urbano, agás carga e descarga ou zonas habilitadas para a subida e baixada de viaxeiros, dende as 16:00 horas do sábado 17 de xuño ata as 16:00 horas do domingo 18 de xuño. O estacionamento de autobuses destinados ao transporte de viaxeiros permitirase nos andéis da estación de autobuses previa solicitude e autorización así como no estacionamento próximo ao complexo deportivo Álvaro Pino.

Ademais, no decorrer desta reunión tratáronse temas como a redución no número de incidencias penais e delitos contra o patrimonio nos últimos doce meses.

Así mesmo, abordáronse cuestións relativas ás actuacións en materia de violencia de xénero e a aplicación de campañas específicas de concienciación dende as idades máis temperás.

“Entre as nosas prioridades de seguridade cidadá está a prevención como base para evitar futuros problemas e garantir a boa convivencia entre a veciñanza. Neste último ano as estadísticas devólvennos cifras alentadoras que constatan que o esforzo en prevención por parte de todos, Garda Civil, Policía Autonómica e Policía Local imprescindible pero aínda é preciso seguir traballando de xeito constante”, explica Xosé Represas, Alcalde de Ponteareas.

A concellería de Ensino presentou nas escolas o Corpus Christi

Con motivo da celebración do Corpus Christi de Ponteareas, a Concellería de Ensino está a presentar nas escolas da vila esta festa de tanto arraigo e tradición.

Con esta iniciativa Ensino pretende que o Corpus se extenda a toda a poboación despertando o interese dos máis cativos e garantir así o relevo xeneracional.

A concelleira de Ensino, Cristina Fernández, acompañada de Miguel Novoa, representante dos alfombristas de Ponteareas, animan aos escolares a achegarse aos portais a coñecer o bo traballo das alfombristas.

Durante a presentación os alumnos/as visionaron un vídeo que recolle a historia da vila de Ponteareas, cheiran o funcho e descubren algúns dos segredos para atopar a inspiración ou conservar frescas as follas.

“É importante que os máis novos coñezan o traballo que hai detrás de cada alfombra floral, un traballo en equipo que ven reforzado polo traballo que dende o concello se fai na



difusión e no reparto dalgúns materiais”, sinala Cristina Fernández.

Pola súa parte, Novoa introduce o concepto de alfombrista responsable co medio natural, un alfombrista que debe coñecer o ritmo das plantas, saber podalas, como e cando recollelas e como non danalas para garantir a súa reprodución.

Nesta rolda de presentacións do Corpus Christi participaron alumnos de entre terceiro e quinto de prima-

ria das escolas Fraga do Rei, Ramiro Sabell, La Inmaculada, Feliciano Barrera e Bouza Brei.

Os proxectos internacionais, o por que é un arte efímero, o reparto de material, a difusión, as horas de esfolado, o deseño, os momentos históricos vinculados ás alfombras florais... e un longo etc de anécdotas que o concello quixo achegar nesta primeira toma de contacto coas escolas.

Corpus Christi Pontareas

Redacción



Avda. Constitución primeiro portal



Avda. Constitución segundo portal



Fernández de la Vega



Fonte do Baratillo



Rúa de Oriente



Praza da Igrexa



Ramiro Sabell



Reveriano Soutullo

Opinión

Por Ramón Coira Luaces

Lembrando a Xosé M^a Díaz Castro

Durante a miña infancia e xuventude adoitaba pasar os veráns en Guitiriz, mais nunca souben de Díaz Castro até que lle foi adicado pola RAG o Día das Letras Galegas de 2014. Naceu en Os Vilares (Guitiriz) en 1914 e finou en Lugo en 1990, sendo un poeta e tradutor galego nacido no seo dunha familia labrega. Estudou no Seminario de Mondoñedo e fixo o servizo militar na sanidade militar de Coruña. E tivo a sorte -dentro do malo- de pasar a guerra civil destinado no Hospital de Pontevedra. Aquilino Iglesia Alvariño -que coñecera no seminario- contou con el como profesor do Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa, do que Aquilino era director. Fixo o Bacharelato e despois licenciouse en Filosofía e Letras por Salamanca, especializándose en linguas modernas. Traballou en Madrid como tradutor para o Ministerio de Gobernación e outros organismos oficiais e privados. Logo, exerceu a docencia como profesor de linguas clásicas e modernas. Traballou tamén no



Consello Superior de Investigacións Científicas e no Instituto de Cultura Hispánica. En 1954 casou con M^a Teresa Zubizarreta Bengoechea. Os seus primeiros versos en galego foron Lembranzas e sospiros. Despois publicou Baix'o o calor, Lá vou amor, As formigas, Era un contiño de fadas, Follas verdes, Follas ô aire (todas dos anos trinta, antes da Guerra). Porén a súa obra máis sonada -e a única que eu lle lin até agora- foi Nimbos, publicada en 1961. Disque en xeral amosa unha temática existencial e relixiosa, en comunión coa natureza. O seu poema máis sonado é "Penélope", que moita xente xa coñecerá e que foi musicado e cantado pola Quenlla -entre outros artistas. A Díaz Castro inclúeno na Xeración do 36, xunto a Carvalho Calero, Celso Emilio Ferreiro, Aquilino Iglesia Alvariño,... Dominaba máis dunha ducia de linguas, entre elas o éuscaro. E traduciu numerosas obras estranxeiras ao castelán. Actualmente, a asociación cultural Xermolos recolle dona-

tivos para rehabilitar a súa casa (e espero que o consigan). Escollín de Nimbos este poema titulado COMA UNHA ESPADA:



TÓDOLOS ríos pasan pola miña alma, cheos de Deus, música e lapas. Tódalas pombas fan o meu amor. A beleza feriume para sempre.

Ó traveso da escura teadaraña deste mundo unha estrela cai no río da miña vida e quédame chamando. A beleza feriume para sempre.

En cada vez eu oio unha chamada cun longo eco de adeus que non entendo, pro que me fire coma espada ardendo. A beleza feriume para sempre.

I as falopas dos anos van caendo sobre a sede inmortal e os ollos tristes, pro no enterran a boca da ferida! A beleza feriume para sempre.

Por Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador

Irmandade Xurídica Galega

A Xunta de Galicia distinguíu á Irmandade Xurídica Galega (IXUGA) co Premio da Cultura Galega 2017 polo labor realizado na galeguización dos espazos xurídicos. Aínda que o xurado non explicitou na acta os méritos, cómpre que relacionemos algúns, porque se algo se fixo neste ámbito, moito ou pouco, débese á Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNL), que dinamizou en solitario o proceso regaleguizador, e á IXUGA, que é unha sección daquela.

Unha tarde do mes de xuño de 1987 reuníronse vinte xuristas para dar a coñecer a "Declaración de Rois", deseñando o plan para rachar cos séculos de prohibicións tantas veces denunciados do uso do noso idioma nas instancias xudiciais, como fixera o Congreso do Dereito Galego celebrado en 1972. Coa publicación da primeira sentenza en galego o 20 de maio de 1985 rompérase o maleficio.

A aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia (1981), Lei de Normalización Lin-

güística de Galicia (1983) e a Lei Orgánica do Poder Xudicial (1985) abríronlles portas á incorporación da lingua galega aos usos xudiciais. Mais as sinerxias do pasado tiñan tanta forza que avogados e xuíces obviaron o marco xurídico que establecía a validez dos instrumentos xurídicos redactados en galego. Malia recoñecer a Lei de Normalización (art. 7.2) que as actuacións xudiciais son válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial, moitos operadores xurídicos aínda hoxe non fan uso do amparo legal que lles asiste para demandaren dos xulgados as notificacións (incluídas as sentenzas) na lingua cooficial que elixan. A Facultade Dereito de Santiago e as Escolas de Prácticas Xurídicas non tiveron a ben entón aceptar as propostas que a AFNLG lle fixera para sensibilizar ao alumnado e profesorado incluíndo módulos formativos para crear unha nova corrente favorable á normalización lingüística. É certo que hoxe xa hai maior receptividade por parte dalgúns docentes das tres faculta-

des de dereito e Colexio de Avogados de Santiago, que é o que máis se leva significado no discurso da galeguidade xurídica, pero queda moito labor que facer.

Sen embargo, grazas á constancia da AFNLG as circunstancias foron mudando. Tradúcíronse e publicáronse os textos das leis fundamentais, conseguindo ademais que o Congreso dos Deputados aprobase a iniciativa parlamentaria de publicar as leis no BOE nas catro linguas do Estado, e a constitución dos gabinetes de asesoramento lingüístico nas audiencias provinciais e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A IXUGA, que se constitúe en 2007, é a herdeira dese improbo labor regaleguizador. Deste entón todos os anos celebráanse actividades para sensibilizar aos profesionais do dereito e xudicatura. Son tantas as actividades que no espazo desta colaboración non poden ter cabida a relación de todas elas. Pero é oportuno sinalar a recuperación da memoria de todos aqueles xuristas que foron avogados desta tarefa regaleguizadora. A todos eles tenlles erixido monumentos e placas conmemorativas para perpetuarmos o seu exemplo. Este ano co-

respóndelle ao rexistrador, bibliófilo e galeguista, Fermín Penzol Labandeira, figura de gran transcendencia no galeguismo do primeiro terzo do século XX, tal e como se explica na biografía que se publicará este ano para a ocasión, coa descuberta dun monumento que estará ubicado nas inmediacións da Facultade de Dereito o día 9 ás 18:00 horas.

O día 10 de xuño, no histórico Paraninfo da USC onde Álvaro das Casas fora presentado polo alumno da Facultade de Dereito, Francisco Fernández del Riego, pronunciará o celebrado discurso de exaltación da galeguización da Universidade titulado "Verbas aos mozos galegos" o 9 de marzo de 1933, a IXUGA conmemorará aquel feito histórico coa celebración da súa décima asemblea co ingreso de trinta novos irmáns e irmáns que serán os protagonistas dunha esperanza sólida para a galeguización das instancias xudiciais.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Losada Dorado - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - PORTUGAL: Vialé Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho - MADRID: Juan Louzán - BARCELONA: Fdez. Valdeorra - PAÍS BASCO: Nicolás Xamardo - CANARIAS: Fco. Puñal - NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Jesús Losada Dorado - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Inma Otero Varela

Unha biografía necesaria.

As portas dun novo Día das Letras, sae á luz a biografía imprescindible da autora que inaugura a celebración o 17 de maio de 1963, cen anos despois da data que figura no prólogo de “Cantares Gallegos”. De feito esta análise detense precisamente na publicación do primeiro poemario da literatura contemporánea escrito enteiramente en galego. A lectura do estudo de María Xesús Lama estimula desde novos puntos de vista a reflexión sobre a idoneidade, bastante cuestionada, do tipo de conmemoracións, por non falar das polémicas que rodearon a elección dalgun dos homenaxeados (pouquísimas homenaxeadas malia a listaxe ampla de candidatas).


Poucas veces os prexuízos propios da época desde que se realiza unha achega a unha obra artística deixan ver a realidade dos feitos que a produciron. Pasa así hoxe e pasou sempre, e un exemplo paradigmático éo precisamente a suma de interpretacións da vida e produción rosaliá, ás veces forzada polas condicións persoais de quen lía, pero outras moitas pola necesidade de adaptar as reivindicacións galeguistas ás condicións sociopolíticas. Poderíase ter “coado” en pleno

franquismo unha homenaxe a unha autora galega feminista que escribía cunha acusada conciencia social? É a realidade histórica, tamén a que ten que ver coas estratexias culturais e as súas relacións co poder, quen moitas veces se presenta tristemente teimuda para tapar esoutra realidade intrínseca ao acto creativo. No caso de Rosalía, a conversión no símbolo axeitado ao momento e o proteccionismo ante unha sociedade que podía condenala como muller, comezou ben cedo e ben preto da man de Murguía.

María Xesús Lama afonda na relación do matrimonio e na xestión que Murguía fixo da imaxe pública da súa muller para desbotar de vez que Rosalía fose unha poeta unicamente intuitiva, inspirada pola burbullas bucólica na que supostamente medraría. Pola contra, foi unha muller cunha cultura moi superior á media da poboación (mulleres e homes), precoz, decidida, alegre, cun compromiso claro coa política máis progresista da época, sociable, coñecedora da situación da muller e das demandas que neste eido se estaban a producir en Europa, mergullada nos círculos intelectuais da época e con ambición literaria. A contextualización dos espazos nos que viviu achega

algunhas das claves para comprender mellor a escritora. Chama a atención dos profanos saber que o Padrón onde pasou parte da súa infancia achegábase aos nove mil habitantes, case o dobre dos da cidade de Pontevedra e máis dos que tiñan Ourense e mesmo Vigo. Tamén dá a coñecer algúns pormenores das súas estadias frecuentes en Santiago e do seu paso por Madrid, cidade que, ao contrario do que se adoita pensar, era máis do gusto da autora que Compostela. Así mesmo, demostra que os vencellos de Rosalía coa súa familia, sobre todo coa nai, eran sólidos. Teresa de Castro apoiou a liberdade creadora da filla axudándoa economicamente e no coidado da primeira neta, ata o punto de facerse cargo dela durante longos períodos para que a poeta puidese voltar a Madrid e desenvolver a súa carreira profesional. Parece que pouco había de certo nese debuxo de nena desamparada e atormentada pola ausencia da figura materna.

Onde non chega a documentación, ou mesmo onde a documentación acubilla algunha dúbida, chega María Xesús Lama. Un dos maiores acertos do libro é a fiabilidade das súas hipóteses, o coñecemento do comportamento humano e das



María Xesús Lama. *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)*. Galaxia: 2017.

vicisitudes do século XIX. A sensibilidade coa que se afonda nas explicacións dalgunhas das decisións de Rosalía ofrece algunhas das mellores páxinas desta biografía, escrita con estilo literario e co desexo de facerse entender por todo tipo de público.

Xosé Benito Reza presentou “Terradentro” en Celanova



O escultor Toño Montero entregándolle a Reza o premio “O Bosque Máxico”.

O escritor celanovés Xosé Benito Reza Rodríguez presentou na Casa dos Poetas de Celanova o seu primeiro traballo de narrativa, *Terradentro* (Xerais). Trátase dunha novela con tres casos, relacionados polos personaxes principais, que ten que resolver o avogado dunha vila. O escenario é unha vila galega do interior que se parece moito a Celanova do século XX.

“Invento unhas historias que coloco nunha vila que se parece a Celanova, pero tamén a todas as vilas de antes, como eran Castro Caldelas e Ribadavia, que nos anos 50, cando eu nacín, estaban cheas de vida e eran centros neuráxicos de actividade, dinamismo e cuartos. Por desgraza desapareceron ou foron en picado, ao quedaren as aldeas sen xente” dí o autor. “Recreo o escenario que coñecín de neno e o

que me comentaban meus pais e os vellos. Nun conto meto os montes da fronteira, cun tesouro que deixaron os mouros e hai outro caso estrambótico, do can do alcalde que aparece pintado” engade Reza. O autor de *Terradentro* sostén que a novela é “unha mestura, da intriga de tres casos que causan desacougo, un asasinato, e nos que o avogado vese inmerso. Non é unha novela costumista, pero quixen reflectir como era a vida desas vilas, coas tensións e silenzos que houbo na ditadura”.

Reza Rodríguez é tamén autor de: *Vivir en Ancares*; *Memorias do Pedal*; *Arnoia*, biografía dun río e dunha ribeira; *O Macizo Central ourensán*; *Per loca marítima* e *O Camiño Portugués de Santiago* pedaleando.

Xosé Benito Reza, enxeñeiro de montes, foi director xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (2008). En marzo de 2016 recibiu o premio Ouro Azul, que concede o colectivo O Bosque Máxico da Baixa Lima. Reza foi un dos primeiros impulsores para que a Serra do Xurés fose declarada parque natural. Despois foi director do parque. Con este galardón, O Bosque Máxico recoñeceu a traxectoria do enxeñeiro a favor do medio natural.

Terradentro, de Xosé Benito Reza

Nunha vila galega do interior, próxima á fronteira, a vida fervía a mediados do século pasado. Era un mundo onde a luz a puñan os paisanos das aldeas que daban de comer aos vilegos e as sombras proviñan da memoria da guerra civil e dos fuxidos, daquela aínda ben presentes. Neste escenario desenvolve a súa vida o avogado da vila, considerado como un home perspicaz, que se verá enleado en tres misteriosos asuntos cuxa orixe pretenderá desvelar: a morte violenta dun vello fidalgo no seu casarío, un “home arisco illado do mundo no seu cotarelo”; a busca na pencha espida da fronteira dos “tesouros que deixaron ocultos os mouros en lugares cheos de trampas”; e a inesperada aparición da cadela do alcalde pintada de verde. “*Terradentro*” é unha novela onde o narrador, apremado polo paso inexorable dos anos, decide recrear as paisaxes e a vida que xiraba arredor dunha desas vilas galegas en perigo de extinción, as que



contaban con xulgado, notaría, rexistro, botica, médico, dentista, estafeta de correos, centraliña telefónica, cuartel, arcipreste, coche de liña, fondas e comercios de todo tipo para dar cobertura a un universo de centos de pequenos lugares que gravitaban ao seu redor nunha simbiose perfecta hoxe perdida. Unha novela de lectura engaiolante onde se mestura de xeito moi orixinal a intriga coa indagación nos fíos da memoria e da paisaxe.

Un paseo literario por Celanova con Curros e Celso Emilio

Félix Caballero

Celanova é unha das vilas máis literarias de Galicia. O seu nome vencéllase nomeadamente a Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín. O viaxeiro que desexe mesturar turismo e literatura ten nesta vila un destino privilexiado, e na Fundación Curros Enríquez, o mellor vehículo para o facer. A Fundación ofrece ao visitante unha atractiva ruta literaria que ten a Casa dos Poetas e o Mosteiro de

entre eles Mauro Castellá Ferré, Cesáreo Fernández Losada, Delfín Modesto Brandón e Castor Elices, por citar só os máis antigos.

Curros era de casa farta, como amosa a gran lareira con forno (hoxe desaparecido) que o visitante pode ver. De pai escribán, fuxiu logo dun proxenitor “autoritario” e emigrou primeiro a Madrid e depois a Cuba –onde morreu–, adicándose ao xornalismo para gañar o sustento, malia ser un poeta moi soado en vida.

A sona chegoulle cedo, tras

da figura nunca máis se soubo.

Coroado como poeta nacional

A sona de Curros disparouse cando o bispo de Ourense denunciouno por “herexía e ataque á relixión” polo seu libro Aires da miña terra. O poemario foi secuestrado, os moldes destruídos e Curros condenado a dous anos, catro meses e un día de cárcere, e absuelto logo pola Audiencia da Coruña. Fronte á hostilidade de Ourense, A Coruña sempre amosou ao vate unha grande hospitalidade. En 1904 coroouno como

poeta nacional de Galicia, capaz de conxugar a denuncia social a prol das clases máis desfavorecidas cunha poesía de exaltación dos valores tradicionais da cultura galega, e en 1908 soterrouno no cemiterio de Santo Amaro, botándose á rúa máis de 40.000 persoas. O visitante da Casa dos Poetas pode ver unha copia da bandeira que cubriu o cadaleito e un vídeo coa gravación cinematográfica do desfile fúnebre.

Durante a visita á Casa, lense en voz alta poemas de Curros, como Cántiga, que deu orixe á celeberrima canción Unha noite na eira do trigo, verso, por certo, apócrifo, inventado polo pobo, xa que o poema de Curros comeza: “No xardín unha noite sentada”. Ao poeta nunca lle gustou este cambio, pero non tivo máis remedio que achantar.

A ruta literaria continúa no Mosteiro de San Salvador, fundado por San Rosendo –bispo de



Participantes na ruta, arredor da capela de San Miguel e do penedo-altar.

Mondoñedo– no século X, aínda que a meirande parte do que hoxe se ve é froito das reformas do XVI e do XVII. Segundo Méndez Ferrín, é o mosteiro máis civilizado de Galicia, pois desde a Desamortización (1837) tense adicado a usos públicos. Hoxe acolle, entre outras dependencias, a Casa do Concello. Antes de entraren, os visitantes poden ler un dos poemas anticlericais que alporizaron o bispo de Ourense: “A Igrexa fría”, no que Curros compara o mosteiro cun “xigante hipopótamo morto, de vermes cuberto”.

No interior, pódese admirar o claustro, aberto permanentemente aos veciños, de feito que nos días de choiva tense convertido na rúa do paseo; a igrexa, cun imponente claustro barroco e un espectacular coro; e a capela de San Miguel, o único exemplo completo de arte mozárabe existente en Galicia, erguida ao carón dun penedo utilizado como altar na época precristiá.

Concerto de órgano

O mosteiro goza tamén dun soberbio órgano, e o visitante ten a opción de asistir a un miniconcerto didáctico de trinta minutos impartido por María José Mosquera, formada no Conservatorio de Ourense, o único de Galicia onde se pode aprender a

tocar este singular instrumento de vento. A organista engaiola o público interpretando tanto a Bach como Negra sombra, o inmortal poema de Rosalía musicado por Xoán Montes.

A visita ao mosteiro remata na cela de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979), onde o poeta pasou tres días encerrado tras ser condenado a morte na Guerra Civil. Ferreiro estaba a facer a guerra cos nacionais malia ter militado nas Mocidades Galeguistas –foi a súa maneira de sobrevivir–, pero un día, nunha das tabernas de Celanova, falou de máis en contra dos franquistas e un falso amigo denunciouno. Á fin, a familia conseguiu a conmutación da pena. Na cela, lese en alta voz Longa noite de pedra, o poema que xurdiu dese dramático cerramento.

Esta ruta literaria por Celanova pode completarse coa visita a outros lugares cercanos, como Vilanova dos Infantes; o castro de Castromao, un dos principais referentes da cultura dos castros do noroeste peninsular; Santa Comba de Bande, un dos poucos templos visigodos de Galicia; ou Aquis Querquernis, un campamento militar romano da época imperial. As dúas primeiras visitas –Vilanova e Castromao– pódense facer tamén coa Fundación Curros Enríquez.



Un grupo de visitantes escoita as indicacións da guía na Casa dos Poetas.

San Salvador como epicentros. O ano pasado foron 10.569 as persoas atendidas.

A Casa dos Poetas é a casa natal de Curros Enríquez (1851-1908), figura cimeira do Rexurdimento da literatura galega de finais do século XIX, canda Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. Está adicada tamén a Celso Emilio Ferreiro, Xosé Luís Méndez Ferrín e outros quince poetas da vila,

gañar en 1877 un premio literario en Ourense cun poema adicado á Virxe do Cristal, unha veneradísima imaxe de menos de catro centímetros –a segunda mais pequena do mundo adicada á devoción mariana–, roubada en marzo de 2015 do santuario do mesmo nome, en Vilanova dos Infantes, a famosa aldea medieval de Celanova. Os ladróns mataron a golpes o párroco, Adolfo Enríquez, e

como Cántiga, que deu orixe á celeberrima canción Unha noite na eira do trigo, verso, por certo, apócrifo, inventado polo pobo, xa que o poema de Curros comeza: “No xardín unha noite sentada”. Ao poeta nunca lle gustou este cambio, pero non tivo máis remedio que achantar.

A ruta literaria continúa no Mosteiro de San Salvador, fundado por San Rosendo –bispo de



Sala de Fiestas Music-Hall

C/ Ervedelo, 15 - ourense

📞 988 23 44 99 - 698 14 82 07

VEN... TOMATE ESTA CAÑA

4€

“Os Mundos de Carlos Casares” na Zona “C” de Compostela

Gustavo Adolfo Garrido e Chus Martínez Domínguez comisarán a exposición ‘Os mundos de Carlos Casares’ que ten como obxectivo celebrar a vida e obra do escritor ourensán (1941-2002), na clave dun percurso vital, unha viaxe polo tempo e polo espazo. Carlos Casares é considerado como unha das figuras máis singulares e renovadoras da nosa literatura, protagonista do día das Letras Galegas 2017.

A exposición permanecerá en Zona “C”, en San Domingos de Bonaval, do 30 de maio ata o domingo 25 de xuño, con entrada libre de martes a sábado de 16:00 a 20h. e domingos de 14:00 a 19:00h.

Seguindo as palabras do propio escritor para construír un mapa emocional, debuxar un territorio, contar unha historia. Máis alá da intención retrospectiva, a exposición presenta diferentes marcos contra os que poder desenvolver as relacións de Carlos Casares co mundo, nunha sucesión de terri-



torios simbólicos: Paisaxes, Luza-das. A viaxe, Conviña... e O redon-del, que explicando as cuestións fundamentais da súa vida, da súa produción literaria e do seu compromiso co país e as súas xentes. Cinco espazos metafóricos diferenciados, pero permeables grazas a unha coitada montaxe fundamentada na transparencia, que permiten deseñar escenas e acti-

var experiencias sociais, políticas, educativas e artísticas. A cartografía resultante devolve unha imaxe que aspira a ser completada polo público; unha viaxe de ida e volta, circular, coa que revisitar a escena cultural galega nas cinco últimas décadas, recuperando unha visión do escritor e dos seus lugares, que aspira a conectar coas xeracións máis novas.

I Semana do libro de Compostela

O Concello de Santiago, en colaboración coas editoras e librarías locais, organiza a primeira Semana do Libro de Compostela coa intención de amosar o potencial editorial e literario da nosa cidade.

Durante a primeira semana de xuño, unha carpa instalada na Praza da Quintana acollerá as propostas dos axentes do sector que participan, xunto cunha axenda de actividades que pretende transcender o expositivo, xerando propostas que sirvan para impulsar as iniciativas e proxectos colectivos que alí se xesten.

Participarán un total de 36 expositores distribuídos en 32 pos-

tos, na súa maior parte editoras e librarías da cidade xunto con algunhas institucións. A SELIC ten como obxectivo aportar a maior diversidade posible aos espazos expositivos bibliográficos especializando os postos.

A programación componse de presentacións de novidades editoriais, concertos, percorridos, obradoiros, grupos de traballo, recitais, clubs de lectura, etc. Unha selección de actividades de distin-



tos intereses, tanto para profesionais do mundo do libro como para o público xeral, que encherán Compostela estes días dun ambiente aínda máis literario que o acostumado.

Nova edición do programa Embárriate, en 19 centros cívicos de A Coruña



A concelleira de Xustiza Social, Silvia Cameán

O Concello abrirá o próximo 5 de xuño o prazo de preinscrición no programa sociocultural para nenos e nenas Embárriate, que se desenvolverá en 19 centros cívicos da cidade entre os días 26 e 30 de xuño e que, como o pasado ano, vén completar a oferta municipal de actividades infantís para este verán, xunto cos campamentos urbanos e o programa de conciliación Còxegas. Neste caso, trátase dun programa de actividades lúdicas, para menores nados entre 2005 e 2013 e empadroados na Coruña, que xira arredor do barrio desde unha perspectiva artística e de ocio, a través de propostas que van desde o debuxo, á pintura ou o modelado. A Concellería de Xustiza Social e Coidados, dirixida por Silvia Cameán, poderá reservar o 20% das prazas ofertadas nestas actividades a persoas beneficiarias de programas sociais "a fin de avanzar na plena integración na sociedade das persoas que están en situación de maior vulnerabilidade". Ofértanse ademais sete prazas para nenos e nenas con necesidades educativas especiais ou con diversidade que non lles impidan participar en actividades co grupo. Este alumnado contará con profesorado de apoio específico.

Desta forma, as unidades familiares interesadas en que os e as súas fillas ou menores

a cargo participen en Embárriate 2017 deberán facer a preinscrición entre os días 5, 6 e 7 de xuño no centro cívico no que soliciten praza: Castrillón, Cidade Vella, Eirís, Elviña, Labañou, Os Mallos, Mesoiro, Monelos, Monte Alto, Novoboandanza, Palavea, Rosales, San Diego, Artesáns, A Silva, Feáns, Sagrada Familia, Santa Margarita e San Pedro de Visma. O sorteo público das prazas terá lugar o 7 de xuño. A listaxe de menores admitidas poderá consultarse a través do número de información cidadá 010 ou en www.servizosociais.coruna.es, onde xa esta dispoñible tamén información sobre o programa. A inscrición formalizarase posteriormente no centro cívico correspondente entre o 13 e o 15 de xuño. O prezo por persoa participante no programa é de 11 euros.

As actividades desenvólvense entre o 26 e o 30 de xuño en horario de 10.00 a 14.00 horas aínda que será posible solicitar un horario ampliado, de 09.00 a 14.30 horas. Esta posibilidade, non obstante, é posible nos centros cívicos de Castrillón, Cidade Vella, Eirís, Labañou, Os Mallos, Mesoiro, Monelos, Monte Alto, Novoboandanza, Palavea, Rosales e San Diego. "Con estes programas queremos ir un paso máis adiante no camiño da conciliación", salientou a concelleira Cameán.

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Galicia

Redacción LUGO

A Deputación achegou 75.000 euros a 130 deportistas

O presidente, Darío Campos Conde, e o deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, recibiron no Pazo de San Marcos aos lucenses que se beneficiaron das axudas para deportistas individuais que o Goberno da Deputación ofreceu, en réxime de concorrência competitiva, por valor de 75.000 euros. Campos Conde entregoulles un diploma en recoñecemento ao seu esforzo en prol do deporte lucense e subliñou que “estamos tremendamente orgullosos de ter uns embaixadores coma vos, pois levades o nome de Lugo e da nosa provincia por todo o territorio nacional e estranxeiro. Somos conscientes das dificultades que supón hoxe en día a práctica deportiva profesional, polos elevados custes de desprazamentos, inscricións en competicións ou material técnico, dificultades que se incrementan no caso dos deportes individuais, por iso quixemos estar ao voso carón e axudarvos, na medida do posible, con estas axudas”.



Deportistas da provincia de Lugo que recibiron axudas económicas.

En total, foron 130 deportistas individuais da provincia de Lugo os que se beneficiaron destas axudas que ofreceu o Goberno da Deputación en réxime de concorrência competitiva, é dicir ás que puideron optar todos os lucenses interesados, e coas que premiou o esforzo competitivo introducindo novos criterios, totalmente obxectivos, para a súa

concesión. As bolsas oscilan entre os 300 e os 2.000 euros. Foron, concretamente un total de 66 homes (51%) e 64 mulleres (49%) os que recibiron axudas, premiando o esforzo competitivo dos deportistas, posto que por primeira vez, tiveron en conta os resultados acadados en competicións internacionais, estatais, galegas e provinciais.

Promoción da cultura castrexa coa novela do escritor lucense Pablo Núñez

Deputación e Concello colaboran na promoción da cultura castrexa, coa novela do escritor lucense, Pablo Núñez, *Juego de Reinas*. A deputada de Cultura, Pilar García Porto, xunto á alcaldesa de Lugo, Lara Méndez López e ao autor do libro, Pablo Núñez González asistiron ao acto de presentación. Tamén estiveron presentes o escritor Francisco Narla e o editor e presidente de Edhasa, Daniel Fernández.

García Porto destacou que “dende o Goberno da Deputación colaboramos con este tipo de iniciativas e proxectos co obxectivo de promocionar e impulsar a literatura e o traballo dos escritores da nosa provincia. Quero dar as grazas Pablo Núñez, pois creo que realizando este tipo de novelas, e, por suposto, dándolles difusión, contribuímos en certa medida a que a xente descubra e coñeza un pouco máis do pasado galaico e da cultura castrexa, aínda que



Presentación da novela de ficción *Juego de Reinas* na salón de actos do Pazo de San Marcos

sexa a través dunha novela de ficción.”

A alcaldesa amosou a súa satisfacción por participar na presentación do novo libro de Núñez, “os libros son coñecemento, cultura e aprendizaxe”, subliñou a rexedora, quen desexou ao que foi finalista do Pre-

mio Planeta no 2006 moitos éxitos coa esta nova publicación, a terceira tras a gran acoillida de *Juego de Reinas* e *Las Hijas del César*.

O escritor lucense asinou exemplares de *Juego Reinas* durante a Feira do libro de Lugo.

Belesar celebrou a Feira do Viño e Cereixas

A asociación Papeiros e Rabudos celebrou unha nova Feira do Viño e Cereixas de Belesar a última fin de semana de maio. Na XII edición foi pregoeiro Jesús Otero Calvo, profesor e alcalde de Monterroso. A organización entregou os galardóns aos “cofrades do bo viño de Belesar”. Actuaron a Escola municipal de música de Chantada e o grupo

Meritxell, de Monforte. Participaron catro adegas e varios produtores de cereixas. Como é tradición houbo certame de aturuxos entre Papeiros (de Chantada) e Rabudos (Do Saviñao). O xantar consistiu en polbo, carne ao caldeiro e empanada. Houbo degustación en venta de viño e de cereixas, así como casetas de alfarería, queixos e mel.



O pregoeiro inaugurou a feira de 2017.

Ángel de la Cruz e Fidel Fernán, novos patróns da Fundación TIC

A Fundación para o desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) procedeu á renovación dos dous patróns expertos no sector. Tomaron posesión o cineasta Ángel de la Cruz, gañador de tres premios Goya, e o comunicador Fidel Fernán en substitución do director Jorge Coira e o músico Arturo Vaquero. Darío Campos, presidente do organismo provincial, agradeceu o traballo e a implicación de Coira e Vaquero, e gabou a traxectoria dos dous novos patróns, “ambos cunha ampla e recoñecida traxectoria no mundo audiovisual. Para nós é unha honra que formen parte do noso Padroado profesional do nivel destes catro especialistas”.

Ángel de la Cruz, gañador de tres Goyas, fixo a súa primeira produción comercial como guionista e director coa longametraxe de animación *O*

bosque animado, á que seguiu *O soño dunha noite de San Xoán*, coas que gañou cadanseu Goya. Tamén escribiu a dirixiu *Os mortos van á presa* e foi guionista e produtor de *Engurras*, coa que acadou o Goya ao mellor guión adaptado. Actualmente produce a película de animación *Memorias dun home en pixama*, da que tamén é guionista, un proxecto co que está a colaborar a Fundación TIC.

Fidel Fernán, natural de Cospeito, ten unha dilatada traxectoria vinculada ao mundo da comunicación. Primeiro na Cadena Ser en Madrid e despois en Radio Lugo. Máis tarde conduciu diversos programas en TVE, TVG e RNE. En 1991 promoveu as emisoras Radio Principal en Monforte e Vilalba, e catro anos despois, TV7. Nos 90 presentou programas de grande éxito na TVG como *Arestora* e *Galeguidade*.

O Arde Lvcvs, declarado Festa de Interese Turístico Nacional

Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e a concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, Carmen Basadre, deron a coñecer na Praza Maior, a carón da biga romana, que o Arde Lvcvs vén de ser declarado Festa de Interese Turístico Nacional polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital. Estes festexos de recreación histórica, que este ano se celebrarán os días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo, e que a pasada edición reuniron a máis de 600.000 visitantes, xa foran declarados de interese turístico galego no ano 2011, acadando agora, xusto cinco anos despois de que se puidera solicitar esta distinción, o recoñecemento nacional.

"Hoxe é un día importante, non só para o Concello, senón tamén para todos os veciños e veciñas, pola súa implicación con estes festexos"; asegurou a rexedora, quen remarcou a importante proxección que lle

dará a Lugo esta nova distinción, "unha ventá aberta de Lugo"; pola cal agora o municipio ten dúas grandes festas que compartir cos españois, o Arde Lucus e o San Froilán. Lara Méndez agradeceu o traballo realizado pola Concellería

de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, encargada de organizar ditos festexos.

Carmen Basadre, visiblemente emocionada por esta declaración que recoñece o importante labor realizado dende que fai 16 anos se celebra esta festa, da que ela mesma foi impulsora, agradeceu "o gran traballo realizado por parte dos traballadores e traballadoras do Concello, de todos os voluntarios e voluntarias, dos medios de comunicación e, sobre todo, o labor que realizan todas as asociacións de recreacións histórica do municipio e a cidadanía en xeral, que se involucran ano tras ano no Arde Lvcvs". A distinción, que se converte nunha oportunidade única e moi beneficiosa para a cidade, multiplica as potencialidades de Lugo e entronca coa decidida aposta do Goberno municipal polo turismo cultural.



A alcaldesa e concelleira na Praza Maior, a carón da biga romana.

Cartaz

Carmen Basadre, deu a coñecer o cartel anunciador do Arde Lvcvs MMXVII, que estará protagonizado por distintos elementos característicos dos festexos, como son o lume e a Muralla. O deseño gañador, "En llamas", obra do coruñés Simón Agulla Alonso, foi seleccionado por un xurado profesional do que formaron parte os fotógrafos, José Reigosa e Pepe Álvez, e os deseñadores gráficos, Julio César Seijas e Lucía Barrio. Na Casa da Xuventude expóranse os 48 traballos presentados ao concurso convocado polo Concello. O car-

tel gañador recibirá un premio de 1.000 euros. Do 18 ao 24 de febreiro o Concello tivo aberto o prazo de votación popular para que a cidadanía escollese os dez traballos finalistas, entre os que o xurado profesional escolleu a obra gañadora desta edición.

Carmen Basadre amosou a súa satisfacción pola alta participación neste certame, que no proceso de votación popular a través da páxina oficial en Facebook chegou a preto de 11.000 votos e a publicación tivo un alcance de máis de 163.000 persoas.

A Copa Deputación de Baloncesto reuniu 50 equipos base

A Copa Deputación Trofeo Fernando Fernández Allende, celebrouse no Pazo Provincial dos Deportes de Lugo e no pavillón anexo, e que reuniu a 500 nenos e nenas de entre 7 e 14 anos de preto de 50 equipos de toda a provincia.

A Deputación, Concello e Club de Baloncesto Ensino, organizaron este evento deportivo, totalmente gratuito, para potenciar o baloncesto feminino, a igualdade de xénero e o deporte base. O Executivo Provincial é o principal patrocinador desta cita deportiva cunha achega de 12.000 euros. Con esta axuda, asumiu os gastos de transporte dos equipos, ademais de ofrecer un pícnic e unhas camisetas aos participantes.

A competición rendeu homenaxe a Fernando Fernández Allende, un dos pioneiros do ba-

loncesto feminino na provincia de Lugo e promotor deste deporte entre os mozos lucenses. Ademais de ser adestrador de baloncesto, foi profesor na Facultade de Ciencias da Educación Física de A Coruña e un dos fundadores do CB Ensino.

O evento reuniu a 10 equipos

de categoría babybasket mixto, 11 equipos de categoría benxamín mixto, 7 equipos de categoría alevín feminino, 8 equipos de categoría alevín masculino ou mixto, 5 equipos de categoría infantil feminino e 7 equipos de categoría infantil masculino.



Volta ás Comarcas de Lugo



Celebrouse a Volta ás Comarcas, Desafío Volta Lugo con 176 participantes que chegaron ao Pazo dos Deportes da capital luguesa, logo de completar tres etapas nas que percorreron 13 concellos da provincia: Lugo, Castro de Rei, A Pastoriza, Rio-

torto, A Pontenova, Meira, Ri-beira de Piquín, A Fonsagrada, O Cádavo, Castroverde, O Corgo, Lámbara e Guntín. O Goberno da Deputación colaborou coa celebración desta cita con 65.000 euros co obxectivo de promover a actividade deportiva e o turismo.

Nace Sportur Galicia, o I Salón do Deporte e o Turismo Activo

Celebrarase en novembro en Expourense coincidindo coa Carreira Popular de San Martiño

Dar a coñecer Galicia como destino activo e saudable e promocionar a multitude de opcións que esta comunidade ofrece para os afeccionados ao deporte e ás actividades ó aire libre animando aos galegos a practicalas. Este é o dobre obxectivo de “Sportur Galicia”, o I Salón do Deporte e do Turismo Activo que se celebrará en Expourense do 17, 18 e 19 de novembro, coincidindo coa presenza na cidade de Ourense de milleiros de deportistas que participarán na Carreira Popular de San Martiño.

“Sportur Galicia” foi presentada en Ourense nun acto no que participaron a secretaria xeral para o Deporte da Xunta, Marta Míguez; a directora da Axencia Galega de Turismo, Nava Castro; a delegada territorial da Xunta, Marisol Díaz, e o director xerente de Expourense, Alejandro Rubín Carballo. Todos eles coincidiron en que Ourense será o epicentro do deporte e do turismo activo en Galicia durante a fin de semana da celebración desta cita. Alejandro Rubín indicou que “a tendencia das feiras é cara a especialización e Expourense quixo aproveitar a instalación no seu recinto dunha pista de atletismo para crear novos proxectos coma este vencellado ó deporte e o turismo activo”.

Nava Castro comentou que

“esta feira contribuirá a poñer en valor o noso patrimonio natural e desestacionalizar o turismo. Ademais, vai en liña coa nova estratexia de turismo 2020 do Goberno Galego que destinou o 37% do seu presuposto a promover o turismo activo e de natureza” Tamén explicou que “o turismo activo enriquece a experiencia dos turistas que nos visitan. Este salón era necesario para una comunidade que conta con 6 Parques Naturais, 6 Reservas da Biofera, 1.600 kilómetros de costa, 880 praias e máis de 300 surxencias termais”.

Para todos os públicos

A secretaria xeral para o Deporte indicou que “conjugando deporte e turismo activo só se pode gañar. Son dous grandes activos que xeran riqueza na nosa comunidade. Gaña o noso turismo que permite ofrecer novas oportunidades para o visitante, o que implica una maiores repercusión económica, e gañamos todos por ter una poboación máis saudable que gaña calidade de vida ao practicar alguna actividade deportiva”.

Organizado por Expourense e coa colaboración da Axencia de Turismo de Galicia e da Secretaría Xeral para o Deporte, “Sportur Galicia” nace como un evento destinado a todos os públicos (deportistas, afeccionados ou principiantes de todas as idades)



Presentación en Ourense do I Salón do Deporte e o Turismo Activo.

para que poidan coñecer os servizos, produtos e opcións vencelladas co turismo activo e o deporte que ofrecen os expositores. Esta cita converterase nun punto de encontro para o sector onde terán cabida dende concellos ou outras entidades que queiran promover os seus recursos vencellados a este sector (rutas de sendeirismo ou acuáticas, instalacións deportivas, carreiras, andainas, etc.), ata empresas de equipamentos para o deporte e a aventura ou especializadas na venda de paquetes turísticos que inclúan actividades deste tipo. Haberá tamén un espazo adicado ás distintas asociacións e federacións deportivas de Galicia para que poidan promover as actividades que organizan.

Esta cita estará centrada en Galicia pero tamén está aberta a expositores doutras comunidades ou países que queiran presentar os seus destinos de turismo activo ou deportivos.

“Sportur Galicia” será un evento único que conxugue turismo e deporte con educación e coa adopción de hábitos saudables que poidan mellorar a nosa calidade de vida. A finalidade é ofrecer novas opcións e equipamentos aos que xa practican deporte e animar aos demais a que tamén o fagan.

O espazo expositivo deste salón complementarase coa organización de actividades paralelas como seminarios e charlas especializadas (preparación física, prevención de lesións deportivas,

nutrición, xestión de infraestruturas deportivas, ...), presentación dos destinos turísticos participantes nesta cita, exhibicións deportivas, etc. No ámbito profesional, organizaranse accións de networking entre empresas e potenciais compradores.

A paisaxe é a primeira motivación pola que o turista elixe a Galicia como destino e o I Salón do Deporte e Turismo contribuirá a promocionala como o mellor escenario posible para gozar do deporte e das actividades ao aire libre. Sendeirismo, atletismo, rafting, canoa, remo, vela, barranquismo, esquí e deportes de montaña, golf, escalada, probas BTT... teñen un valor engadido ao practicalos en Galicia

Luis Rodríguez Ennes, distinguido coa medalla de ouro do Foro Europeo Cum Laude

Desde que en 2016 Luis Rodríguez Ennes cumpriu 70 anos e se converteu posteriormente en catedrático emérito de Dereito Romano da Universidade de Vigo, sucédense os recoñecementos á súa traxectoria profesional. En abril foi investido como doutor honoris causa pola Universidad Nacional del Comahue, en Argentina. En maio vén de recibir unha nova distinción. Trátase da medalla de ouro do Foro Europeo Cum Laude, que recibirá cos demais galardoados nesta edición na gala que se celebrará o 3 de xuño no Hotel Reconquista, en Oviedo.

O Foro Europeo Cum Laude, ex-

plican os seus promotores, “é unha iniciativa compartida por destacadas personalidades da sociedade civil e os seus obxectivos son crear ámbitos adecuados para o intercambio e a divulgación de ideas entre distintos líderes da vida empresarial, cultural e política”. No marco das súas actividades atópase a entrega anual da medalla de ouro do Foro Europeo Cum Laude, que se concede a “presidentes de institucións, profesionais liberais e personalidades da sociedade civil que destacaron pola súa profesionalidade, europeísmo, humanidade ou pola súa capacidade de emprendemento e liderado”.

Vencellos con Europa

“Sintome moi honrado de recibir este galardón, que trata de recoñecer os vencellos que ao longo da miña vida académica e investigadora sempre tiveron con Europa”, sinala o catedrático emérito da Universidade de Vigo sobre o recoñecemento agora recibido. Estes vínculos, apunta, non se limitaron á relación investigadora e docente con institucións académicas de diferentes países europeos senón que, recalca, “na miña investigación sempre dediquei atención aos sistemas xurídicos comparados”. Deste xeito, apunta, recibe esta distinción como unha forma de “recoñecemento aos vencellos que



Luis Rodríguez Ennes no seu despacho da Facultade de Dereito.

sempre tratei de establecer entre o dereito romano, a docencia e a idea de Europa”.

Cunha traxectoria de 46 anos dedicados ao ensino e á investigación, Luís Rodríguez Ennes ten no seu haber máis de duascientas publicacións científicas, 17 libros e outras tantas teses de doutoramento dirixidas, ademais dunha

longa traxectoria como profesor visitante de máis dunha vintena de universidades europeas e americanas, entre outros méritos. Nesta traxectoria, ocupa un lugar destacado a Facultade de Dereito do campus de Ourense, da que foi promotor e primeiro decano, sendo na actualidade o seu decano honorífico.

Ruta dos Fornos, anticipo á Festa do Pan de Cea

O presidente, vicepresidente e o secretario do Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Pan de Cea, Carlos Manuel Rodríguez, Juan Luís Calviño e Ricardo Losada Blanco, respectivamente, presentaron a XXVI edición da Festa do Pan de Cea que se celebrará o 1 de xullo de 2017. Carlos Manuel Rodríguez indicou que o novo portal da páxina web “conta con maior carga visual, con vídeos e fotografías, intégrase coas distintas redes sociais e incluso ofrecerá a posibilidade de seguir os eventos vía streaming”. Dentro desta páxina ofrécese tamén información sobre as características diferenciadoras dos produtos amparados pola IXP Pan de Cea, ademais de fichas detalladas dos 17 fornos inscritos. A web dispón, ademais, de apartados específicos nos que se dá conta das iniciativas promocionais desenvolvidas polo Consello Regulador e dunha sección específica adicada a receitas elaboradas con pan de Cea.

Presentación do pan

O pan de Cea certifícase única e exclusivamente en dúas formas ou produtos: Peza ou Poia (1 a 1,2 quilogramos) e Molete (0,5 a 0,6 quilogramos). (Sempre ten que ir na súa bolsa e coa súa contraetiqueta). No ano 2016 os quilos de pan de Cea certificado achegáronse a 600.000 sendo obxectivo real chegar a un millón que de quilos no 2020. Actualmente están 17 fornos rexistrados como Operadores con Certificación na IXP.

Andaina solidaria

Por segundo ano consecutivo o Concello de Cea e o Consello Regulador da IXP Pan de Cea organizan unha andaina solidaria como un acto máis da Festa do Pan. Será o domingo anterior, en favor de Oncomet, un grupo galego de investigación da biopsia líquida, en pos da detección precoz do cancro. Será, por tanto o 25 de xuño, con dous percorridos (10 e 22 quilómetros), a inscrición é ata o 23 de xuño, realizando un ingreso na conta habilitada en Abanca

de 8 €. A recadación, (o ano pasado entregouse a AODEM case o 85% do recibido) será para este grupo de investigación. Como novidade está o servizo de duchas que se habilitará no pavillón polideportivo. O rematar a proba haberá un pincho para os asistentes con pan de Cea e produtos doados polos colaboradores e outros que aportará a organización.

V Ruta dos Fornos

O Concello de Cea e a IXP Pan de Cea organizan a Ruta dos Fornos, unha experiencia gastronómica singular onde os visitantes poderán degustar un pincho e un viño en cinco antigos fornos de pan de Cea por un prezo de 5 €. Será, por tanto o 25 de xuño, con dous percorridos (10 e 22 quilómetros), a inscrición é ata o 23 de xuño, realizando un ingreso na conta habilitada en Abanca de 8 €. A recadación, (o ano pasado entregouse a AODEM case o 85% do recibido) será para este grupo de investigación. Como novidade está o servizo de duchas que se habilitará no pavillón polideportivo. O rematar a proba haberá un pincho para os asistentes con pan de Cea e produtos doados polos colaboradores e outros que aportará a propia organización. Tamén haberá un sorteo de agasallos doados por empresas da zona e colaboradoras nesta iniciativa solidaria.

Pan e rutas

Pan de Cea é un produto tradicional, elaborado en forno de leña seguindo un proceso artesanal que transmitiu de xeración en xeración. Segundo a historia ese proceso vense realizando nos fornos de Cea dende o século XIII. En Cea e no seu Concello existen multitude de fornos actualmente, 16 deles pertencen á Indicación Xeográfica Protexida, e elaboran tan preciado produto. Ademais existen antigos fornos, dos cales moitos deles foron restaurados polo Concello nos so con traspasar a súa entrada, poden vir lembranzas de cantas anécdotas alí transcorreron. Todos os fornos



Presentación da XXVI edición da Festa do pan de Cea.

se encontran perfectamente sinalizados e en todas as entradas ó Concello.

Percorrido das rutas. Polo núcleo urbán de Cea, visitando os diferentes fornos de Cea e coa posibilidade de ver algún funcionando na actualidade nos que se elabora o afamado pan de Cea. Ruta Oseira: percorrido pola entorno do mosteiro cis-

terciense de Santa María Real de Oseira, punto crave e de partida na historia do pan de Cea. Ruta Viña: percorrido pola parroquia de Viña, un paseo agradabilísimo con encontro coa etnografía do Concello. Visitarán fornos de leña, recentemente restaurados, nos que se elaboraba pan de Cea.

2 DE XULLO 2017

XXVI
FESTA
DO
Pan de Cea

Organiza:

Formación financiada por:

GASOLEOS
TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

Galicia

Redacción OURENSE



Conxunto relixioso de Marrubio (Montederramo) con cruceiro de madeira policromado, dous petos de ánimas e capela de san Antonio.

Silencio oficial sobre a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio mundial

A directora xeral de Patrimonio, María del Carmen Martínez Insua, conseguiu un “pacto de silencio” sobre os trámites para a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade. Xunta, deputacións de Lugo e Ourense, Valedora do Pobo e Consorcio de Turismo Ribeira Sacra decidiron non facer declaracións sobre o estado

no que se atopa o expediente para, din, non interferir negativamente no proceso. Así o decidiron as partes implicadas que se reuniron para analizar o estado dun amplo informe en poder da Dirección Xeral de Patrimonio desde hai dous anos e do que hai un total descoñecemento sobre o seu estado da súa tramitación. Con esta decisión pretenden

que os medios de comunicación “non polemiquen sobre o tema e para evitar que se dea a impresión de falta de consenso.” A directora de Patrimonio solicitou que se deixen de organizar accións de apoio á candidatura como recollida de firmas ou o uso de autobuses promocionais, pois considera que tales iniciativas fan máis mal que ben.

Os estudantes coñecen a Ribeira Sacra

Despois das xornadas de presentación nas aulas do xogo de mesa “Move Ficha pola Ribeira Sacra”, o consorcio de turismo procedeu a organizar as saídas dos colexios participantes nesta iniciativa co fin de que os rapaces visiten algúns dos lugares e monumentos da Ribeira Sacra que se trataron no xogo.

No mes de maio realizouse a saída do CEIP San Xoán de Requeixo (Chantada), onde os estudantes de 5º e 6º de educación primaria visitaron os mosteiros de San Pedro de Rocas, en Esgos e Santo Estevo de Ribas de Sil, en Nogueira de Ramuín, ámbolos dous en Ourense, e o de Ferreira de Pantón (Lugo).

Os alumnos de 5º e 6º de primaria dos CEIP da Pobra do Brollón e CEIP Virxe do Carme, de Sober, reuníronse en xornadas de convivencia. Os rapaces e rapazas dos devanditos centros visitaron



Escolares chantadinos no mosteiro de santo Estevo de Ribas de Sil.

a igrexa de Santa María de Pesqueiras, o pobo de Belesar e o dólmen de Abuime.

O Consorcio de turismo, dí a xerente Sandra Seara, “pretende con esta iniciativa que os cativos e cativas aumenten os seus coñecementos sobre a Ribeira Sacra, ó tempo que os achegamos a lugares de Ribeira Sacra distantes do seu lugar de residencia. É un dos xeitos de que sexan conscientes da amplitude do destino”.

Os V Premios Mestras e Mestres da Memoria entregáronse no Vello Cárcere



A Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e a Concelleira de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, Ana Prieto, participaron no Vello Cárcere no acto de entrega dos V Premios Mestras e Mestres da Memoria, que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) concede a informantes de literatura popular por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da cultura popular tradicional. A proposta da sección de Literatura de Tradición Oral, coordinada por Antonio Reigosa, a asemblea

xeral de socios e socias da AELG acordou outorgarllelos ás Pandereteiras da Alén (Orosia e Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos) e a Serafin Mourelle Bugallo. No acto tamén estivo presente a Deputada de Cultura, Pilar Porto, e outros membros da Corporación Municipal.

A AELG pretende facer máis visible ante a sociedade a literatura de tradición oral levando a Lugo a súa Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria co lema Lugo, Capital Galega da Literatura de Tradición Oral, un acto que contou coa colaboración do Concello de Lugo.

Cursos de extensión universitaria en Allariz



Presentación dos cursos na campus de Ourense.

O campus universitario de Ourense presentou sete cursos a desenvolver entre xuño e setembro. Hai 400 prazas dispoñibles para membros da comunidade universitaria e cidadáns en xeral a presos case simbólicos e unha media de 30 horas de formación. A programación continúa a liña de actuación de anteriores edicións, introducindo novas propostas,

consolidando iniciativas que en anos anteriores tiveron boa aceptación, celebrando cursos non só no campus senón en concellos da provincia.

Tres dos sete cursos de extensión universitaria organizados desde o campus de Ourense terán como escenario diferentes concellos da provincia. Deste xeito, Allariz acollerá 700 anos da Festa do Boi e outros elementos do patrimonio

inmaterial relacionados, organizado desde a Facultade de Ciencias da Educación por Xosé Manuel Cid e Fátima Braña, e a segunda edición de Turismo baseado na cultura da produción tradicional do viño, da cervexa e da sidra, organizado desde Ciencias Empresariais e Turismo por José Antonio Fraiz e Noelia Araújo e que tamén terá como escenario A Estrada.

A recuperación do espazo público é un dereito da cidadanía, principal conclusión do Encontro Tonucci

A recuperación do espazo público é un dereito da cidadanía beneficioso para todas e todos os integrantes das cidades e irreversible. Esa é a principal conclusión do Encontro da Rede Española de Cidades das Nenas e Nenos do proxecto Tonucci que finalizou hoxe en Pontevedra, no que tamén se decidiu que a cidade que acollerá a reunión anual de 2018 será Huesca, que ao mesmo tempo tamén organizará un seminario de formación para as entidades adheridas.

No grupo de traballo de Planificación Compartida subliñouse que a filosofía e o proxecto de Cidades das Nenas e Nenos que propón Tonucci -deseñar as cidades baixo o paradigma das nenas e nenos para que sexan válidas para todas e todos- ten que obrigatoriamente estar apoiada por unha aposta política "valente" na que a prioridade sexa a recuperación do espazo público para as persoas. Así, a primeira e máis importante conclusión é que a utilización do espazo pola cidadanía é un dereito que se volve irreversible: unha vez que unha área se restrinxe aos vehículos, todas e todos os cidadáns, e particularmente as nenas e nenos, beneficianse.

Outra das conclusións asumida por todas as entidades presentes é que é posible recuperar o espazo público en todas as cidades, independentemente do seu tamaño: pequenas vilas ou grandes núcleos, sempre adaptando as



fórmulas ás singularidades de cada lugar. Por outra parte, no caso de vilas nas que o modelo xa está implantado nos núcleos urbanos, a aposta é trasladalo, como no caso de Pontevedra, tamén ás zonas do rural. Finalmente, outra das conclusións é que é fundamental á hora de rediseñar os espazos contar coa participación da cidadanía -con nenas e nenos como cidadáns con pleno dereito- en cada un dos proxectos e que é preciso xerar espazos de uso compartido e non segregado para a convivencia.

Consello e Autonomía

No seminario do Consello das Nenas e Nenos a principal conclusión é que debe ser unha ferramenta para o alcalde de cada municipio co fin de transformar a cidade, xa que o proxecto Cidade das Nenas e Nenos debe aplicarse desde todas as áreas de goberno, non só o urbanismo, senón

tamén a educación, xuventude, promoción económica etc. En canto ao formato, a principal aposta é implicar á comunidade educativa para que, preferentemente, en modo sorteo, escollo ao alumnado que forma parte do consello que realizará propostas ao Goberno local e decidir a periodicidade necesaria das reunións en función do tamaño de cada concello.

Finalmente, no seminario de Autonomía, formuláronse as dificultades para que nais e pais perdan os medos sobre o desenvolvemento de nenas e nenos no seu contorno. Por este motivo a principal conclusión foi a necesidade de actuar recuperando o espazo público de forma contundente, tendo en conta a participación con catro eixos: as administracións, familias, escolas e comunidades e a sensibilización.

Conservatorios, Concellos e Deputación reclaman a financiación á Xunta para os Centros Musicais

Os directores dos conservatorios musicais da provincia de Pontevedra, os representantes dos concellos, o deputado de Cultura, Xosé Leal, e a Presidenta da Deputación, Carmela Silva coincidiron hoxe en reclamar a necesidade de que a Xunta de Galicia asuma a financiación destes centros de ensinanza regradas.

Así puxeron de manifesto na xuntanza celebrada na Deputación de Pontevedra na que participaron os directores dos conservatorios musicais de Pontearreas, Cangas, Redondela, Vilagarcía, Tui e Lalín, e concelleiros e concelleiras destas localidades e o alcalde de Pontearreas. Nesta xuntanza, na que so faltou o representante de A Estrada, manifestouse que os concellos están a asumir a financiación dunha ensinanza regrada que

outorga título de grao medio en estudos musicais, cando é unha competencia directa da Xunta de Galicia.

Os representantes municipais destacaron que esta asunción de competencias provoca un déficit económico nas arcas municipais ademais dun agravio comparativo entre o que pagan as familias nos conservatorios dependentes da Consellería de Cultura.

Todos os asistentes asumiron que este mesmo encontro celebrado coa Deputación de Pontevedra vai ser solicitado nas outras deputacións provinciais para posteriormente celebrar unha reunión conxunta dos vinte conservatorios musicais de toda Galicia, os concellos afectados e as catro deputacións, que segundo manifestou Carmela Silva non debería "celebrarse máis aló do mes de xullo".



Exposición "Caruncho, sempre"

Ata o 9 de xullo o Sexto Edificio do Museo de Pontevedra acolle a mostra antolóxica dedicada a Luís Caruncho (A Coruña 1929 - Madrid 2016). A través das sesenta obras, seleccionadas polo seu comisario, Miguel Fernández-Cid, ofrece a evolución do pintor ao longo da súa vida, a súa primeira evocación global en imaxes..

O horario é de martes a sábados de 10 a 21 horas e os domingos de 11 a 14 horas.



O 11 de xuño celébrase a VI Eurocidade 10

O domingo, 11 de xuño, celebrarase a sexta edición da Eurocidade 10 organizada polo Club Atletismo Tui Thermalia e a Eurocidade Tui-Valença.

A saída será ás 11h hora española carón da vella Ponte Internacional en Valença ao onde regresarán os participantes tras completar o percorrido de 10 quilómetros polas murallas de Valença, a propia Ponte,

a beira do Miño e o conxunto histórico de Tui. Os primeiros atletas prevese que empreguen entorno a 30 minutos para completar o percorrido entre os dous países cun percorrido nun entorno natural e patrimonial único.

A inscrición está aberta ata o mércores, 7 de xuño, en Champion Chip Norte cun prezo de 4€, dos que parte serán doados a unha entidade social.

Galicia

Redacción

Rock Na Rúa os sábados de xuño en Pontearreas



O festival Rock in Río Tea comeza a quecer motores cunha novidosa proposta, o Rock na Rúa. Unha fusión de música e gastronomía coa que teredes cita dende a unha da tarde e cada sábado do mes de xuño con actuacións acompañadas dun

suculento menú que rotará por distintos bares da vila.

Organizado pola Asociación Falcón en colaboración co concello de Pontearreas e a Concellería de Comercio, o Rock Na Rúa amenizará o xantar dos apaixonados da música e daqueles que queiran

degustar os mellores pratos da gastronomía tradicional.

O Rock na Rúa arranca ao ritmo dos The Loopholes na xornada Rock&Callos o vindeiro sábado día 3 de maio no Bodegón Severo.

Para os que non se atreveron na sesión da estrea ou para os que estaban desexando repetir, chega o Rock and Pizza o sábado día 10 coa actuación dos Family Folks na Casa da Triga.

Se o que preferides é unha boa ración de Rock and Fabada debes agardar aos Breakin´Bones na Casa Ferreira o sábado día 17.

E se aínda quedastes con fame de rock e bo xantar, o sábado 27 de xuño teredes aos The Trunks no Blu Bar na xornada Rock and Salpicón.

O Rock na Rúa abre a programación do Rock In Río Tea que terá lugar do 30 de xuño ao 1 de xullo.

Verán 2017
xullo e agosto

CURSOS DE NATACIÓN

LUGAR: PISCINAS MUNICIPAIS
DATA DOS CURSOS: XULLO E AGOSTO

PREZO DO CURSO:

NENOS DAS PARROQUIAS	19,00€
NENOS DA VILA	22,70€
NENOS DOUTROS CONCELLOS	37,80€
ADULTOS (MAIORES DE 18 ANOS)	37,80€

INSCRICIÓN DO 12 AO 19 DE XUÑO
PRESENTANDO A SOLICITUDE NO
REXISTRO DO CONCELLO.HORARIOS: MARTES A VENRES DE 11-15 HORAS
NENOS/AS

- 11-12H (8-13 ANOS)
- 12-13H (6-7 ANOS)
- 13-14H (4-5 ANOS)
- 14-15H (MAIORES DE 14 ANOS)

Para máis información entrar na páxina do concello www.concellodesalvaterra.org

Festa do Sto. Cristo da Victoria

SALVATERRA DE MIÑO

10 e 11 de Xuño 2017

Sábado 10 (Na Praza do Castelo)
Pola noite a partir das 22:00h, **verbena** a cargo de:
ORQUESTA COSTA OESTE
e
ORQUESTA CLAXON

Domingo 11 (Na Praza do Castelo)
A partir das 11 da mañá, pasará a Banda de Música
As 12 da mañá, Misa Solemne, con procesión
Ó remate da Misa, **CONCERTO** da:
BANDA DE MÚSICA DE SALVATERRA
e a
BANDA DE GAITAS PONTENOVA DE SALVATERRA
As 19:30, **CONCERTO** da:
BANDA DE MÚSICA DE SALVATERRA
Pola noite **Verbena** a cargo de:
Orquesta Gran Parada
e
ORQUESTA MAGOS

EXPOSICIÓN DE PINTURA
Mulleres Rurais "Tempo Gañado" de Salvaterra
DÍAS 10, E 11 DE XUÑO

PRAZAS
LIMITADAS

CAMPAMENTOS DE VERÁN

INSCRICIÓN A PARTIR DO 12 DE XUÑO

CUSTOMIZACIÓN
DE CAMISETAS

Lugar: Casa da cultura.
Horario: De 10:30 a 12:30h.
IDADE E DATAS
- De 14 a 25 anos, do 3 de xullo ao 7 de xullo.
(Cada neno traerá unha camiseta para customizar)

ACTIVIDADES BIBLIOTECA

Lugar: Biblioteca Municipal.
Horario: De 09:00 a 13:00h.
IDADE E DATAS
Nen@s de 4 (ou que cumpran 4 este ano) a 7 anos.
- Do 3 ao 17 de xullo.
- Do 18 de xullo ao 1 de agosto.

PAPIROFLEXIA

Lugar: Casa da Cultura.
Horario: De 10:30 a 12:30 h.
IDADE E DATAS
- De 14 a 25 anos,
- Do 17 ao 21 xullo

DECORA A TÚA FESTA

Lugar: Casa da cultura.
Horario: De 10:30 a 12:30h.
IDADE E DATAS
- De 14 a 25 anos, do 10 ao 14 de xullo.

CAMPAMENTO DE VERÁN

Lugar: Parque A Canuda.
De 10:00 a 13:00h.
IDADE E DATAS
Nen@s de 6 (ou que cumpran 6 este ano) a 15 anos.
- Do 3 ao 17 de xullo.
- Do 18 de xullo ao 1 de agosto.

CURSO DE INGLÉS

Lugar: Casa da Cultura.
Horario: De 11:00 a 13:00h.
IDADE E DATAS
- De 16 a 25 anos, tódolos xoves de xullo e agosto.
Matrícula 5€ por alumno.

ACTIVIDADES GRATUITAS, PARA EMPADROADOS NO MUNICIPIO.
PARA MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO E NA
PAX : www.concellodesalvaterra.org TLF: 986 658 082/ INSCRICIÓN NO CONCELLO



X Feira Medieval de Viana do Castelo 2017

A X Feira Medieval de Viana do Castelo decorre entre os días 16 e 18 de xuño de 2017 no centro histórico da cidade de Viana do Castelo e pretende ser un espazo de animación e convívio, creado com o obxectivo de dar a coñecer ao público residente e visitante, hábitos e costumes característicos da Idade Média. É intención que a Feira retrate acontecementos ou tradicións

de carácter local ou regional, fundamentados en documentación ou outros elementos da historia local. Nestes tres días de Feira estarán presentes artesãos, mercadores, regatões e artífices, vindos dos máis diversos lugares, que irão transformar o casco histórico da cidade de Viana do Castelo, num espazo privilegiado de encontro, negocio, lazer e de comes e bebes.

Núcleo museológico de Lapela recebeu quatro mil visitantes num ano

Conhecida como a melhor varanda sobre o río Minho, torre de menagem eleva-se a 35 metros do solo, proporcionando uma paisagem deslumbrante sobre aquele curso de água internacional, casario tradicional e margem galega.

O Núcleo Museológico Torre de Lapela assinala no 27 de maio, um ano de abertura ao público. Até ao último fim de

semana, recebeu um total de 3947 visitantes, repartidos por 1424 estrangeiros e 2523 nacionais, constatando-se uma maior procura nos meses de verão e nos fins de semana prolongados.

A requalificação desta valência turística do concelho de Monção englobou a restauração interior e exterior da torre de menagem, a beneficiação do pavimento envolvente e a valoriza-

Pistoletazo de saída ás visitas teatralizadas ao castelo de Soutomaior

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, acompañada polo alcalde de Soutomaior, Agustín Reguera e o deputado de Turismo, Santos Héctor, presidiron esta tarde a primeira visita teatralizada ao castelo de Soutomaior deste 2017, unha iniciativa posta en marcha pola institución provincial o pasado ano e que se repite agora cun novo enfoque máis lúdico dirixido a toda a familia, e con todas as entradas esgotadas para esta primeira función. Ata 30 nenas e nenos, acompañados polas súas familias, puideron participar nesta primeira función, que mergullou ás persoas participantes "nunha divertida aventura a través da que coñeceron os segredos e historia deste monumento medieval e que fixo as delicias das e dos máis pequenos da casa", segundo sinalou a presidenta.

Un bufón e un trovador medieval acompañados polo seu laúde, foron os encargados de guiar ás persoas visitantes polas diferentes estancias do castelo, onde as e os participantes puideron coñecer, a través de xogos e cancións, que tipo de comida se preparaba nos castelos, cales eran os cultivos daquela época ou quen foi a ilustre impulsora do feminismo María Vinyals, a "Marquesa Vermella". As máis pequenas e pequenos foron incluso retados a intentar liberar a un cabaleiro nos calabozos do castelo, e para conseguilo tiveron que pasar unha serie de probas que as e os conduciron ata a chave que abría a porta da súa cela.

Como broche final, as nenas e



O calendario das visitas prolongarase ata setembro. As funcións en xuño serán os días 1, 5, 8 e 12, ás 17 horas, e os días 19, 22, 26, e 29, ás 18 horas.

En agosto terán lugar os días 3, 7, 10, 14, 17, 21, 24, 28 e 31, ás 18 horas. Por último, en setembro serán os días 4 e 7, ás 18 horas e os días 11, 14, 18, 21, 25 e 28, ás 17 horas.

nenos foron agasallados pola súa fazaña co seu nomeamento como cabaleiras e cabaleiros do castelo de Soutomaior. A visita rematou cunha pequena batalla de espadas e un baile conxunto, que foron os encargados de mergullar ás persoas participantes nunha divertida aventura a través da que coñeceron os segredos e historia deste monumento medieval.

Outra das grandes novidades deste ano é que as entradas para as visitas poden adquirirse a través de internet en ataquilla.com. As entradas teñen un custo de 2 € por persoa e reducido de 1 €

para as nenas e nenos, o que permitirá facilitar ás e aos visitantes os trámites e ter un mellor control do acceso público. En total ofreceranse 34 funcións de 45 minutos, catro máis que o ano pasado, para un máximo de 30 persoas por pase. As visitas deberán solicitarse como mínimo cunha semana de antelación á data prevista e non se poderán reservar máis de 5 prazas por persoa. Tan só uns días despois de anunciarse, as reservas van a tal ritmo que, na práctica, restan entradas soltas para os vindeiros dous meses.

ção dos canastos existentes, em execução, proporcionando uma paisagem deslumbrante sobre o río Minho, casario tradicional e margem galega.

Neste edificio carregado de historias e memórias, pretendeu-se, através desta intervenção, a criação de uma imagem renovada de todo o interior, criando-se um espazo funcional para os visitantes e mais um elemento de promoción cultural do concelho, desta vez, debruçado sobre o troço internacional do río Minho.

Conhecida como a melhor varanda sobre o río Minho, a Torre de Menagem de Lapela mantem a sua postura imponente e mostra



uma silhueta mais atraente para receber munícipes e visitantes, garantindo um maior contacto com a história do concelho de Monção.

Horário de verão:
Sexta-feira: 14h00 às 19h00
Sábados e domingos: 10h00 às 12h30 e 14h00 às 19h00
Entradas gratuitas

Espazo Lectura suspende definitivamente todas as actividades na Biblioteca Municipal e renuncia á reserva de crédito do Concello de Gondomar

O pasado 6 de maio, a Asemblea Xeral Extraordinaria de Espazo Lectura tomou o acordo de suspender todas as actividades na Biblioteca Municipal e renunciar á reserva de crédito de 5.000 euros que o Concello de Gondomar destinaba a pagar as actuacións e visitas dos escritores e escritoras contratados pola asociación para levar a cabo a programación da biblioteca.

Con todo, o acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, do que se informou aos responsables municipais de xeito inmediato, daba un prazo de cortesía ao alcalde de Gondomar para que retomase o diálogo con Espazo Lectura e cumprise o mandato no Pleno do Concello, celebrado o pasado 6 de abril e aprobado pola maioría dos grupos políticos, dando resposta, á necesidade de buscar o consenso e solucionar os problemas, tal e como manifestou unha boa parte da cidadanía, incluíndo a maioría das institucións educativas do Val Miñor, que incidían no mesmo sentido.

Este 25 de maio rematou o prazo de cortesía sen que, lamentablemente, o alcalde Paco Ferreira mostrase ningunha vontade de recuperar o diálogo logo de dous meses de conflito, ignorando a unanimidade das voces a ese respecto. En consecuencia, Espazo Lectura procede a cumprir o acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria suspendendo de xeito definitivo –cando menos ata que exista vontade política para mudar esta esperpéntica situación– todas as actividades na Biblioteca Municipal de Gondomar e renunciando á devandita reserva de crédito de 5.000 euros.

Tanto a Xunta Directiva de Espazo Lectura como o seu Consello Operativo e todo o seu voluntariado lamentan profundamente a negativa do alcalde a recuperar o diálogo coa asociación, a pesar de todos os esforzos realizados e de toda a presión social que se derivou desa negativa, incluído o mandato do Pleno do Concello (apoiado por Manifesto Miñor, PP, CABE e Iniciativa por Gondomar) e a solidariedade con Espazo Lectura mostrada pola inmensa maioría dos centros de ensino do Val Miñor. En Espazo Lectura non podemos entender a actitude do alcalde.

A pesar do conflito derivado desa actitude dos responsables municipais, o alcalde e a Concelleira de Educación foron convida-



dos a participar nas actividades da Semana do Libro e a Lectura que organizamos en abril, convite que lamentablemente non aceptaron. Desde Espazo Lectura demos reiterados e inequívocos sinais da nosa vontade para buscar o diálogo e, a maiores, os nosos socios e socias enviaron, por correo electrónico, nestes últimos 20 días, máis de medio cento de escritos, asinados por distintas persoas, solicitándolle ao alcalde «que faga cumprir o acordo do Pleno Municipal do pasado 6 de abril de 2017

municación de Espazo Lectura co Concello de Gondomar prodúcense desde o inicio da toma de posesión do alcalde e, nestes dous anos, Espazo Lectura pasou a depender, coma se fose unha pataca quente, de catro concelleiros distintos, incluído o propio alcalde. Dada a complexidade e as dificultades, cheas de despropósitos, que o voluntariado de Espazo Lectura foi atopando para desenvolver o seu traballo diario con normalidade, hai máis dun ano, aproveitando a renovación da

por correo electrónico ao alcalde os problemas e dificultades que viviamos día a día, correo ao que este respondeu dándolle a razón. Pero as cousas non melloraron, senón todo o contrario, chegando á actual situación.

A reserva de crédito de 5.000 euros á que Espazo Lectura renuncia agora viña facéndose practicamente desde o inicio da existencia da asociación para poder sufragar a programación que, de xeito voluntario e desinteresado, Espazo Lectura viña organizando na Biblioteca Municipal nos últimos doce anos. Ese diñeiro, que por vontade propia de Espazo Lectura nunca pasou polas nosas contas a fin de garantir a máxima transparencia, destinábase ao Concello para pagar directamente os gastos de escritores/a, tradutores/as, ilustradores/as contacontos e outros espectáculos. A día de hoxe, Espazo Lectura pode asegurar que nunca desde a súa fundación ingresou nin sequera un euro procedente do Concello de Gondomar. A maiores todas as actividades que Espazo Lectura realizou e realiza na Casa da Lectura, en Donas, págasas coas cuotas que aportan os seus socios e socias, aínda que o mantemento do lugar (auga, luz e poda do xardín) lle corresponde, loxicamente, ao Concello de Gondomar.

Ata o de agora, mellor ou peor, ao longo destes case doce anos, Espazo Lectura atopou sempre espazos de convivencia e colaboración cos distintos gobernos que

foron ocupando a institución municipal, así como condicións que posibilitaron o deseño dunha importante programación na Biblioteca Municipal, condicións que non se dan nestes momentos e que provocan o desánimo do seu voluntariado polo desconsiderado entorpecemento da acción de Espazo Lectura.

Espazo Lectura manterá as súas actividades noutros lugares

O voluntariado de Espazo Lectura continuará desenvolvendo con normalidade o seu labor de dinamización e fomento da lectura, especialmente na Casa da Lectura, onde a asociación creou ao longo de todos estes anos unha biblioteca moderna e funcional aberta ao público e onde ten a súa sede. Tamén se buscarán outros espazos alternativos que serán anunciados no seu momento. Coma sempre, a todas as actividades de Espazo Lectura poden acudir, de xeito libre e gratuito, as persoas que o desexen, sexan ou non socios e socias da nosa entidade.

Sen dúbida, esta nova situación supón un cambio importante e Espazo Lectura precisará, a partir deste momento, recalcular e redimensionar o seu perfil, buscar novas vías de financiamento e realizar mudanzas orgánicas que faciliten o seu labor e a supervivencia activa das súas actividades.

As grandes perxudicadas por esta decisión provocada pola actitude do alcalde de Gondomar son a propia Biblioteca Municipal e as familias que asistían á programación que Espazo Lectura viña realizando alí.

Desde Espazo Lectura continuaremos demandando unha biblioteca digna para Gondomar, que siga as directrices IFLA/Unesco para o Desenvolvemento do Servizo de Bibliotecas Públicas, e que poña punto final ás graves carencias actuais (inexistencia de bibliotecario/a, inexistencia de orzamento estable, mellora da accesibilidade, modernización do mobiliario, diferenciación de espazos, mellora dos fondos, catalogación, purga, etc). A tal fin, deseñaremos nos vindeiros meses unha estratexia para reivindicar esas melloras.

Espazo Lectura agradece tanto aos socios ordinarios como protectores todo o apoio prestado nos últimos meses, e congratúlase da sensibilidade mostrada pola cidadanía de Gondomar.



e que se poña en contacto con esta asociación para retomar a necesaria comunicación entre as dúas entidades». Ademais, como xa manifestamos, no mes de abril diversos centros de ensino do Val Miñor apelaron ao alcalde e ao seu equipo realizando solicitudes de diálogo, solicitudes que foron presentadas por rexistro no Concello de Gondomar.

Os problemas de relación e co-

Xunta Directiva da asociación, fixemos público un documento no que, xa daquela, se avisaba tanto da «precariedade da biblioteca municipal» como das «difíciles relacións coa administración». O documento foi enviado tamén a todos os grupos políticos con representación municipal, así como a todos os socios e socias (marzo de 2016). A maiores, a ex-presidenta Concha Costas transmitiulle

Fallados os Premios Peña Novo pola normalización da lingua galega na súa XXIII edición.

Os premios Peña Novo créanse para recoñecer o labor, tanto individual coma colectivo, daquelas persoas, entidades ou empresas que traballan ou teñen relación coas administracións públicas e que fan, co seu traballo cotiá, publicacións, estudos, traballos de investigación, etc... que a lingua galega se consolide, cada vez máis, no eido das administracións públicas, na vida institucional de Galicia e na sociedade en xeral.

O xurado composto por D. Xosé Manuel Cid, Dtor. en pedagogía e profesor da UdVigo (Ourense); D^a. Consuelo Castro Rey, avogada do Estado-Xefe en Galicia; D. Xurxo Martínez González, investigador e técnico NL concello de Redondela; D^a Flora Miranda Pena, médica e política; D. Xosé M. García Crego, xubilado industria editorial e D^a. Carme Pérez Vaquero, secretaria Fundación Peña Novo outorgou os premios a:

D^a. SANDRA PIÑEIRO VILAS, maxistrada no Xulgado do Social nº 3 de Lugo. Ingresa na carreira xudicial no 2005 e desde ese mesmo momento o seu compromiso coa lingua a leva a desen-



volver a súa actividade profesional en galego. A súa constancia nese maxisterio galeguizador fai e fixo que moitos avogados e avogadas así como funcionarios e funcionarias e outros axentes xurídicos seguisen o seu exemplo, dándolle un prestixio ao noso idioma no ámbito xudicial. Suliña o xurado a súa traxectoria impecable na defensa do uso da lingua galega no seu ámbito profesional no que leva ditado máis de catro mil sentenzas e de dez mil autos e resolucións xudiciais en galego, creando dese xeito un corpus documental de gran riqueza para o noso idioma supoñendo ese esforzo persoal un enorme

paso para a divulgación do galeguismo xurídico.

D. XURXO MARIÑO ALFONSO, Neurofisiólogo, doutor en Bioloxía, profesor da Universidade da UdC e comunicador científico. Membro da sección de ciencia, natureza e sociedade do Consello da Cultura Galega e do grupo de investigación Neurocom da UdC así como de varias sociedades científicas españolas e internacionais nas que desenvolve un traballo de investigación en neurobioloxía e estudo de ferramentas estatísticas para análise. Difusor incansable da ciencia en galego, artellou espazos novos como os Cafés-teatro



científicos, os Discursshows ou Os monólogos tratando cuestións científicas dunha maneira pedagóxica e distendida. Defensor do espallamento do coñecemento na nosa lingua, salienta o xurado o compromiso que vén mantendo desde hai anos exercendo a docencia universitaria en galego, servindo de exemplo para as súas alumnas e alumnos, e convertíndose nun exemplo a seguir dentro da comunidade universitaria.

A ASOCIACIÓN CULTURAL E PEDAGÓXICA PONTE NAS ONDAS que vén desenvolvendo, desde hai máis de 20 anos, un labor de transmi-

sión e posta en valor do patrimonio inmaterial común entre Galicia e Portugal no que a lingua é o soporte da experiencia da asociación que se desenvolve tanto no ámbito cultural como educativo e social a través da radio, internet e/ou a dinamización da cultura popular. O labor de Ponte nas Ondas achégase a sectores sociais diversos destacándose o labor de transmisión do patrimonio realizado a partir da experiencia das comunidades de portadores que

achegaron o seu coñecemento para levalo, non só as aulas, senón poñéndoo en valor coa presentación da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués diante da UNESCO. Recentemente este organismo acreditou a Ponte nas Ondas como ONG consultora en temas de patrimonio inmaterial, coa colaboración de prestixiosos antropólogos, filólogos e outros investigadores do social. Considera o xurado que o traballo de implicación de diversos sectores pero sobre todo da mocidade utilizando a lingua e defendendo un xeito de ser e unha cultura propia, é merecente dun recoñecemento social.



IBM ABOGADOS

VIGO

C/ Colón, 18 - 4ºB
36201
Tlf.: 986 421 457
Fax: 986 421 479
vigo@ibmabogados.com

MADRID

Avda. de La Castellana, 228 - 5º Izq.
28046
Tlf.: 913 159 828
Fax: 913 159 828
madrid@ibmabogados.com

PORTO

Avda. Boavista, 280 - 5º E/C
4050-113
Tlf.: 00 351 226067465
Fax: 00 351 226000166
porto@ibmabogados.com

PONTEAREAS

Avda. de La Constitución, 16-1º
36860
Tlf.: 986 640 164
Fax: 986 660 971
ponteareas@ibmabogados.com

WWW.IBMABOGADOS.COM

Novas da Raia

Redacción

Fafe seduce o turista cunha atractiva mestura de cultura, natureza, gastronomía e lecer

Félix Caballero

O concello de Fafe, no norte de Portugal, tense revelado nos últimos anos como un destino turístico de excelencia pola súa singular mestura de arquitectura, paisaxe natural, gastronomía e lecer. Cun potencial turístico por riba da media, atrae cada vez máis visitantes galegos, que aproveitan a súa proximidade ás cidades de Guimarães (15 km.), Braga (42 km.) e Porto (68 km.).

A cidade de Fafe ubícase no distrito de Braga, subrexión do Ave, con preto de 15.300 habitantes a é sede dun municipio de case 219 km² e 53.000 habitantes, subdividido en 36 freguesías.

Turismo do Porto e Norte de Portugal, en alianza coa Cámara Municipal, está a impulsar a excelente oferta turística do concello, que inclúe paisaxes naturais como a Barragem de Queimadela (con praias fluviais, aldeas turísticas e percorridos pedestres), complexos turísticos e de lecer como o de Rilhadas (no que se pode xogar ao golf e practicar karting), arquitecturas como os palacetes legados polos emigrantes portugueses retornados do Brasil, museos como o da Prensa ou o das Migracións e unha saborosa gastronomía baseada na vitela asada e no pan de ló.

Entre todos estes recursos turísticos seleccionamos os seguintes:

Patrimonio arquitectónico

- Arquitectura dos Brasileiros. Fafe é, dalgún xeito, unha construción do século XIX e dos “brasileiros”. Canda a súa arquitectura máis recente, imponse no centro histórico a “arquitectura dos brasileiros”, un conxunto de construcións de finais do XIX e principios do XX, froito de capitais de fafenses emigrados no Brasil. Fundamentalmente son palacetes de grandes dimensións, algúns deles rodeados por xardíns “tropicais”.

- Teatro Cinema. Edificado en 1923 e integralmente recuperado, ten sido considerado un dos mellores teatros do norte do país. A súa fachada, de decoración singular e certamente

única na rexión, é de belísimo recorte: pintada de ton rosa e con deseños de cupidos alados, simbolizando o amor ás artes. Esta obra marca a fin das iniciativas do “brasileiros” de Fafe e dos seus descendentes, pechando o ciclo da emigración para o Brasil.

- Museo da Imprensa. Aberto ao público en 1996, o Museo da Imprensa ubícase hoxe na Casa Municipal da Cultura. Pódense ver as máquinas e o equipamento utilizados para a composición, a impresión e o acabamentos dos xornais O Desforço (1892) e Almanaque Ilustrado de Fafe (1909), xa desaparecidos. Posúe tamén

unha importante colección de gravuras usadas para imprimir xornais. Destaca un prelo de 1885.

- Museo das Migracións e das Comunidades. Instalado igualmente na Casa Municipal da Cultura desde 2009, o Museo das Migracións e das Comunidades naceu en 2001 como plataforma virtual. Pioneiro no seu xénero en Portugal, adícase á preservación da memoria da emigración portuguesa, nomeadamente da dirixida ao Brasil no século XIX e nas primeiras décadas do XX e da que tivo como destino Europa na segunda metade do XX.

Gastronomía

- Vitela asada. Fafe é coñe-



Detalle da fachada principal do Teatro Cinema.

cida a nivel nacional pola saborosa vitela, que deu nome ao prato “vitela assada a moda de Fafe”, un auténtico ex-libris da gastronomía fafense. A vitela asada ten proxectado a gastronomía fafense por todo o país desde, alomenos, o século XIX. Para a súa defensa e promoción, en 2013 foi creada a Confraría

da Vitela Assada á Moda de Fafe e desde 2014 celébrase anualmente un festival gastronómico co mesmo obxectivo. Os mellores restaurantes da cidade serven o apetitoso manxar, asado en forno de leña e servido en anacos, acompañado de pataca e regado co famoso viño verde da rexión.

- Pan de ló. O pan de ló é outra e os doces de xema son outras dúas especialidades gastronómicas do concello, nomeadamente das freguesías de S. Romão de Arões e Fornelos. Estes doces son feitos de forma tradicional, a base de ovos, azucre e fariña. Mencionadas xa en 1886 no libro de José Augusto Vieira O Minhoto Pittoresco, a súa sona esténdese por todo o país.

Turismo de natureza e lecer

- Barragem de Queimadela. A Barragem de Queimadela é unha área natural de once hectáreas que ten como eixo un encoro con praias fluviais, parques de merendas, pequenos percorridos pedestres e a posibilidade practicar deportes náuticos.

- Aldea Turística do Pontido. Dentro da Barragem, o viaxeiro pode visitar a Aldea Turística do Pontido, un emprendemento que ofrece unha singular hospitalidade con cinco apartamentos rurais exentos e un restaurante con magníficas vistas.

Para o mellor coñecemento da antiga dinámica da aldea do Pontido e da Barragem da Queimadela e para un contacto máis próximo co ambiente que o envolve, o emprendemento abre as portas da natureza co percorrido pedestre “O Trilho Verde da Marginal”, que permite visitar o Núcleo Museológico Moinho e Pisão e o Centro de Educación Ambiental.

- Complexo Turístico de Rilhadas. O Complexo Turístico de Rilhadas, na freguesía de Cepães, é un emprendemento tu-

Pompeu Martins, vicepresidente da Cámara Municipal de Fafe

“Cada vez temos máis visitantes galegos”

Cales son os puntos fortes da oferta turística de Fafe?

Fafe ten tres núcleos de oferta turística importantes. Por un lado, para os amantes do turismo da natureza, toda a zona norte do concello, coas súas paisaxes, infraestruturas como a Barragem da Queimadela e a súa praia envolvente, outras praias en diversas freguesías, circuitos de natureza, camiños pedestres e un campo de golf.

Por outro lado, é unha terra de historia e de cultura. Fafe ten o primeiro Museo das Migracións de Portugal. Hai outro conxunto de museos, mais a propia cidade é unha cidade museo. Ao mesmo tempo, somos un concello cunha importante oferta cultural. Polo noso teatro teñen pasado os principais nomes do teatro e da música portugueses. Temos eventos culturais como “Terra Justa - Encontro Internacional de Causas e Valores da Humanidade”, un evento único en Portugal que durante cinco días reúne todos os anos personalidades nacionais e internacionais ligadas á discusión dos valores asociados aos dereitos humanos.

E por outro lado, temos unha oferta gastronómica moi específica: a vitela asada a moda de Fafe, o prato máis típico da nosa terra, unha vitela moi tenra, succulenta. Non ten máis de nove meses e é cociñada durante tres horas en forno de leña. Ao mesmo tempo, temos unha oferta a nivel dos doces tradicionais: o pan de ló e os doces de xema, e para acompañar todo isto, os viños, algúns deles premiados a nivel nacional e internacional.



Pompeu Martins, vicepresidente da Cámara Municipal de Fafe.

Que peso teñen os galegos na demanda turística de Fafe?

Teñen un peso moi interesante, sobre todo a través dos eventos deportivos como o Rali de Portugal e outros ralís, ou as probas de bicicleta de montaña. Tamén veñen para faceren percorridos pedestres ou visitaren o concello durante as festas. E atraídos polo turismo rural, onde temos unha oferta moi diversificada, cunha calidade moi por riba da media nacional e unha relación calidade-prezo moi boa.

Novas da Raia

Redacción



Elaboración do pan do ló na Doçaría de Fornelos.

rístico único no norte de Portugal que engloba deporte, turismo e lecer. Os seus recursos principais son as Casas do Moinho de Rilhadas, a Taberna do Rilhas, o Rilhadas Club de Golf (cun campo de nove buracos), o Kartódromo de Fafe (un circuíto con 890 metros de longo e sete de ancho) e o Rilhas Park (con paintball, carreira de tiro, piscina e inchábeis).

Turismo rural

• Casa de Docim. A Casa de Docim é unha casa rural do sé-

culo XVIII, recuperada en harmonía co seu pasado e un presente acolledor, familiar e con encanto. Ten catro cuartos dous e unha suite con dous cuartos e sala. As piscinas, o xardín, a horta, o pombar, os percorridos de acceso á casa ofrecen un ambiente bucólico en comunión coa natureza. A casa ten mesmo algúns elementos arquitectónicos anteriores ao XVIII, como un miliario e unha columna do XVI nas escaleiras de acceso ás distintas dependencias.

• Quinta do Minhoto. A Quinta do Minhoto permite o viaxeiro aloxarse na Casa do Minhoto e descubrir os usos e costumes e das actividades cíclicas do campo, así como gozar da gastronomía, a animación tradicional e o baño na piscina biolóxica.

O establecemento localízase na freguesía de Fornelos, recoñecida como a sétima freguesía máis sustentábel do país, detentora do Premio Nacional Eco-Freguesías XXI 2017.

Esta casa de campo acolle todos os anos o Festival Terra Mãe, un ecofestival adicado á vida saudábel, coa pretensión de integrar tres componentes da sustentabilidade: a social, a enerxética e máis a ambiental. O seu lema é: “Tres días para mudar o mundo. Tres días para mudar de vida”. No Festival Terra Mãe pódese gozar de concertos de música (o ano pasado actuou o grupo Terrakota, entre outros) e espazos adicados a alimentación natural e saudábel; o comercio local e biolóxico; a medicina e as terapias alternativas, entre outros. A edición deste ano celebrárase do 21 ao 23 de xullo.



Miliario na Casa de Docim.



Piscina biolóxica da Quinta do Minhoto



Arquitectura dos “brasileiros”.



Fervenza na Aldea Turística de Pontido.



Campo de golf do Complexo Turístico de Rilhadas.

“Terra Xusta”, un evento que actualiza a “Xustiza de Fafe” promovendo o debate sobre os valores humanos

Fafe é coñecida como a Terra da Xustiza. A Xustiza de Fafe, é, certamente, un dos meirandes símbolos referenciais do concello. Deu lugar ao monumento á Xustiza de Fafe, inaugurado en 1981.

O símbolo da Xustiza baséase nunha famosa lenda cuxa versión máis difundida conta que a comezos do século XX o vizconde de Moreira de Rei foi ofendido nas Cortes monárquicas, nas que era deputado, por un tal Marqués, ao que desafiou en duelo. O vizconde, no canto da espada ou da pistola, escolleu o varapau como arma. O Marqués non sabía manexalo e levou unha boa tunda, que provocou as gargalladas de todos os asistentes, quen berraron en coro: “Viva a Xustiza de Fafe!”.

Todas as versións da lenda teñen en común o pau ou varapau, unha vara de madeira característica da rexión coa que se dirimían antigamente moitos conflitos e rifas. Hoxe o xogo de pau aínda e practicado no concello como deporte.

Como “Terra da Xustiza”, Fafe celebra desde 2014 “Terra Xusta - Encontro Internacional de Causas e Valores da Humanidade”, un evento de reflexión sobre a importancia das causas e valores da humanidade. Durante varios días, a cidade acolle un vasto conxunto de conferencias, tertulias, exposicións, e debates sobre temas

como a solidariedade, a violencia ou a paz. Polo concello xa pasaron persoeiros como a directora executiva da Unicef en Portugal, Madalena Marçal Grilo; o secretario xeral das Nacións Unidas, António Guterres; e o cardeal Óscar Madariaga, presidente de Cáritas Internacional e brazo dereito do papa para a reforma da curia.

Gogue publica unha ampla escolma de Floreano e Moncho Borrajo recompila todas as súas viñetas

Félix Caballero

O humor gráfico galego vén de enxendrar dúas novidades editoriais, o cal é sempre unha boa noticia: Floreano, de Gogue, e Escolma do humorismo gráfico de Moncho Borrajo. Ambos os libros pódense adquirir xa nas principais librerías do país, alén de nos sitios webs especializados.

chiña, don Ramón o cura, Charito e Fly. Abre o volume o texto, "Floreano, My Way", limiar de Alberto Avendaño, director de Tiempo Latino, o xornal en castelán editado polo Washington Post na capital dos EEUU. Editase co gallo do 25 aniversario de Floreano, creado por Gogue nas páxinas do diario decano da prensa nacional en 1989.

humor "tabernario-furancheiro", que se traduce como costumista, popular, retranqueiro, con referencias puntuais á actualidade informativa.

O humorista defínese como "un contador de historias cotiás e ás veces retratista gráfico de actualidade. (...) A miña inspiración baséase no cotián, no que vexo e oíro na rúa, nunha tenda ou tomando un viño" (El Correo Gallego, 13 de setembro de 2014). "Eu fago humor social, para o pobo. Sempre tiro algún trazo cómico dunha conversa. Por iso, os meus chistes son atemporais. Só quero arrancarlle un sorriso á xente cada mañá, para que comece ben o día. Ás veces tamén quero facela pensar. Pero case sempre o que busco é que me digan: 'Que chiste máis bo, alégrachesme o café da mañá'. E creo que esa é a chave do éxito de Floreano e, sobre todo, de que se manteña en primeira liña tanto tempo" (Galicia Única, 1 de xullo de 2011).

Floreano acadou logo tanta popularidade que comparte co Carrabouxo de Xosé Lois a honra de ter unha estatua de seu. O escultor Lucas Míguez (Olimpio Javier Míguez Mosquera, Mos, Pontevedra, 1944) inmortalizouno en bronce en xullo de 2011 na Praza de Arriba do Grove, en fronte da



Portada de Escolma do humorismo gráfico de Moncho Borrajo.

humor gráfico: Moncho y yo (Planeta, 1980), Moncho y tú (Planeta, 1986), ¡Pobres míos! (Planeta, 1987), Animalíños (Ir Indo, 1988) e Gatos (Ir Indo, 2008), máis algunhas outras aparecidas en xornais. Os tres primeiros libros estaban escritos en castelán e os dous últimos en galego, e así aparecen tamén nesta nova edición. Trátase, polo tanto, dun exhaustivo repaso a obra humorístico-gráfica de Borrajo desde hai case que corenta anos.

Moncho y yo, Moncho y tú e ¡Pobres míos! xa foran xuntados antes en Lo mejor de Moncho Borrajo, editado por Caixa Galicia en 1990.

Como humorista gráfico, o cómico continúa a liña de Castelao e Maside, facendo debuxos dentro dun cadro, con texto ou sen el, de liña, pouco barrocos, influído pola estética art déco dos anos 20 e 30 do século pasado. Como adoita acontecer no humor gráfico galego en xeral, é un humor de sorrir, non de rir a gargalladas, que nos fai pensar e –como apunta o propio Borrajo (TVG, 26 de abril de 2017)– dicir: "Carallo como atinou! Este xa sei por quen vai!".



Portada de Floreano.

Floreano

Floreano (Xerais, 2017) recolle catrocentas tiras das publicadas por Gogue en Faro de Vigo na súa sección do mesmo nome, organizadas en tres apartados: "De mulleres, chiñas, rubias e varios", "De curas, monseñores e eminen-sias" e "De tasas, viños e loureiros". Constitúe a primeira grande antoloxía dos personaxes creados polo humorista do Grove: Floreano, Monchiña, Epifanio, Ca-

Gogue xa publicara nos últimos dez anos dúas escolmas do personaxe: Historias Floreánicas (edición do autor, 2008) e Historias Floreánicas II (Todogrove, 2011).

Floreano é un home campechano, bebedor de bo viño, ao que lle fai feliz unha cunca de viño e arrodarse de amigos. Nas viñetas está acompañado ás veces pola súa dona Moncha, o seu amigo Epi, Cachiña e o cura don Ramón. Con Floreano Gogue fai un

casa natal do humorista. Un conxunto escultórico no que non falta nada da viñeta: Floreano, a súa mesa, a cunca de viño, o xornal, as moscas...

Escolma do humorismo gráfico de Moncho Borrajo

Escolma do humorismo gráfico de Moncho Borrajo (Areosa, 2017) pretende achegar ás novas xeración o bo facer dun artista integral, que axiña sobe a un escenario como se dedica á obra plástica en pintura ou escultura.

O volume recolle todas as viñetas de humor publicadas polo popular cómico de Baños de Molgas nos seus cinco libros orixinais de



Viñeta de Floreano, de Gogue.

Referencias bibliográficas

GOGUE (2017). Floreano. Vigo: Xerais, 216 pp. ISBN: 978-84-9121-217-1.

BORRAJO, Moncho (2017). Escolma do humorismo gráfico de Moncho Borrajo. As Somozas (A Coruña): Areosa, 424 pp. ISBN: 978-84-697-2409-5.



O rato: Moito ladrar, pero estás atado.
Viñeta de Moncho Borrajo, do libro Animalíños.